

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas do día vinte e cinco de setembro de dous mil quince, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Manuel Doval Soto, dona Consuelo Vispo Seara, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.^a Villarino Pardo, don Juan Anta Rodríguez, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.^a Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Adolfo González Nóvoa, don Vicente Gómez García e don Francisco José Fraga Civeira, do Grupo do PSdeG.-PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto 12º da orde do día e volveu incorporarse canto se trataba o punto 17º.

Actúa de interventor don José Mosquera Casero. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal vídeo acta:

<http://videoacta.depourense.es>

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 23 DE XULLO DE 2015.

A Presidencia pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á extraordinaria do día 23 de xullo de 2015, que foi distribuído coa convocatoria da sesión. Non se formula ningunha obxección, declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

**2º.- CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE
COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA EN MATERIA DE
TRANSPARENCIA E ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto segundo](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do BNG (1) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar o convenio marco de cooperación entre a Deputación de Ourense e as entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, de conformidade coas seguintes cláusulas:

1º) Obxecto.-

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento do marco regulador das accións de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia, coa finalidade de garantir o pleno cumprimento, na totalidade das administracións locais da provincia, do establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

As accións de cooperación provincial na dita materia reguladas no presente convenio son as seguintes:

a) Cooperación para o cumprimento das obrigas de publicidade activa das entidades locais, mediante encomenda de xestión á Deputación, realizándose a dita publicidade activa a través do Portal da Transparencia de Ourense.

b) Prestación de asistencia xurídica e administrativa para a tramitación dos expedientes de solicitude de acceso á información pública.

2º) Cooperación en materia de publicidade activa: encomenda de xestión á Deputación Provincial para o cumprimento das obrigas de transparencia activa das entidades locais adheridas. Portal da Transparencia de Ourense.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

1. *As entidades locais adheridas ao presente convenio marco transfiren á Deputación Provincial de Ourense o exercicio, en réxime de encomenda de xestión, da actividade material de publicación no Portal de Transparencia de Ourense da información propia das ditas entidades locais adheridas sinalada nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013 de 9 de decembro, de Transparencia e Bo Goberno.*

2. *Con fin de garantir un axeitado desenvolvemento da dita encomenda de xestión, a Deputación e as entidades adheridas asumirán as seguintes obrigas:*

A) Obrigas da Deputación Provincial de Ourense: a Deputación Provincial de Ourense asume, en execución do presente convenio, as seguintes obrigas:

a) Poñer en funcionamento, a partir do 10 de decembro de 2015, o Portal da Transparencia de Ourense, asumindo a súa xestión e mantemento, de acordo coas seguintes especificacións:

a.1) O Portal da Transparencia constituirá unha paxina web de titularidade da Deputación Provincial de Ourense na que se publicará a información esixida na Lei de Transparencia e Bo Goberno referida á Deputación Provincial de Ourense e ás entidades locais adheridas, así como calquera outra información adicional cuxa publicación consideren de interese público o goberno provincial ou os gobernos locais adheridos. Igualmente, no Portal figurará información sobre as condicións para o exercicio do dereito de acceso á información pública, facilitándose a formulación de solicitudes telemáticas dende o propio Portal.

a.2) O Portal adecuarase aos seguintes principios:

- Accesibilidade: proporcionará información estruturada, clara e comprensible sobre os documentos e recursos de información, con vistas a facilitar a identificación e procura da información.

- Interoperabilidade: a información publicada será conforme ao Esquema Nacional de Interoperabilidade, aprobado polo Real Decreto 4/2010, de 8 xaneiro, así como ás normas técnicas de interoperabilidade que resulten de aplicación.

- Reutilización: a información será publicada en formatos que permitan a súa reutilización, de acordo co previsto na Lei 37/2007, de 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público e na súa normativa de desenvolvemento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

a.3) O Portal porá a disposición de cada entidade local adherida un espazo propio e diferenciado, personalizado co seu logotipo e imaxe corporativa, susceptible de acceso directo dende a páxina principal do Portal. No dito espazo se publicará, debidamente estruturada, a información relativa á entidade local interesada. Ademais, as solicitudes de información relativas á entidade local poderán presentarse telematicamente a través do Portal.

b) Subministrar ás entidades locais adheridas instrucións concretas e precisas sobre a información que debe remitirse á Deputación, a periodicidade con que debe levarse a cabo a dita remisión e o formato en que debe enviarse, asesorando en todo momento ao persoal municipal en canto aos requisitos de elaboración e envío de información. A remisión destas instrucións realizarase telematicamente, sen prexuízo da posibilidade de efectuar consultas telefónicas ou visitas informativas de carácter presencial, nos casos en que se considere necesario.

c) Examinar a información remitida, e, de se-lo caso, recomendar a emenda das deficiencias advertidas para o seu axuste ás esixencias establecidas na Lei de Transparencia e Bo Goberno e na normativa sobre protección de datos. Se a entidade local rexeita expresamente realizar as emendas recomendadas, a Deputación Provincial publicará igualmente a información remitida, baixo a responsabilidade exclusiva da entidade remitente. Non obstante o anterior, a Deputación Provincial non publicará en ningún caso información que vulnere o establecido na lexislación sobre protección de datos, podendo proceder, de oficio, a realizar as operacións de disociación precisas para garantir o cumprimento da dita normativa.

d) Designar un interlocutor único coas entidades locais adheridas para a remisión de información, formulación de consultas, resolución de incidencias e formulación de queixas e suxestións en relación co Portal de Transparencia.

B) Obrigas das entidades locais adheridas: as entidades locais adheridas asumen as seguintes obrigas:

a) Designar unha persoa responsable do cumprimento das obrigas derivadas do presente convenio, coa que se entenderán todas as actuacións necesarias para a súa execución.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

b) Remitir a información obxecto de publicación en prazo e no formato e cos requisitos que se indiquen dende a Deputación Provincial. A remisión realizarase telematicamente e unicamente polo responsable autorizado a que se refire o apartado anterior, mediante sistemas que garantan a identidade do dito responsable autorizado.

c) Establecer un enlace directo ao Portal da Transparencia de Ourense na súa sede electrónica ou páxina web principal.

3. Como titular do espazo web do Portal da Transparencia de Ourense, a Deputación de Ourense resérvase a facultade de denegar a publicación de información que afecte a datos protexidos, conforme á normativa de protección de datos, ou de proceder á súa disociación, de ser isto posible. Tanto a denegación da publicación como a decisión de disociar a información adoptaranse mediante resolución da Presidencia, que será notificada á entidade local interesada.

En todo caso, e transcorridos tres meses dende a recepción da información pola Deputación sen que se teña adoptado a decisión de denegación da publicación ou disociación da información, entenderase autorizada por acto presunto a súa publicación.

4. En virtude do acto de adhesión ao presente convenio, as entidades locais adheridas autorizan á Deputación á publicación no Portal da Transparencia de cantas informacións e documentos remitan a través da persoa responsable designada no acordo de adhesión ou nun acto posterior. En consecuencia, a Deputación Provincial non precisará autorización específica para a publicación das sinaladas informacións e documentos, entendéndose esta outorgada, con carácter xeral, pola adhesión ao convenio marco.

5. A información publicada no Portal de Transparencia estará dispoñible indefinidamente. A retirada da dita información do Portal requirirá resolución expresa do órgano competente da entidade local interesada, da que se deixará constancia no Portal.

3º) Solicitudes de acceso á información pública formuladas a través do Portal da Transparencia.

Calquera persoa interesada poderá formular, telematicamente e a través do Portal da Transparencia, solicitudes individualizadas de información pública de que sexan titulares as entidades locais adheridas. Para estes efectos, as ditas solicitudes quedarán rexistradas no Rexistro Electrónico de Entrada da Deputación, cos efectos previstos no

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

A Deputación Provincial remitirá as ditas solicitudes ás entidades locais adheridas, para a súa tramitación e resolución, sen prexuízo da posibilidade de prestación da asistencia prevista na cláusula seguinte, en caso de solicitarse pola entidade local interesada.

4º) Outras accións de asistencia técnica e xurídica en materia de transparencia.

A Deputación Provincial prestará ás entidades locais adheridas, previa solicitude ao respecto polo responsable designado no acto de adhesión, asistencia xurídica, técnica e administrativa na tramitación dos procedementos individualizados de acceso á información pública, informando ás entidades locais sobre os trámites a seguir, facilitando modelos de documentos para a tramitación dos expedientes e emitindo os informe xurídicos precisos, en caso de ser necesario.

5º) Carácter gratuíto das accións de cooperación e asistencia previstas no presente convenio marco.

As accións de cooperación e asistencia prestadas pola Deputación a través do presente convenio marco terán carácter gratuíto para as entidades locais adheridas

6º) Procedemento de adhesión ao convenio marco

1. Para a adhesión ao convenio marco, as entidades locais interesadas deberán remitir o correspondente certificado do acordo de adhesión, conforme ao modelo recollido no anexo I, mediante acordo adoptado polo Pleno municipal co quórum esixido no artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, ou órgano competente no caso doutras entidades locais. No dito acordo deberá incluírse a designación de persoa responsable de transparencia da entidade local peticionaria, coa que se realizará o intercambio de información e arquivos, exclusivamente mediante procedementos telemáticos.

7º) Control do exercicio da encomenda de xestión por parte das entidades locais adheridas.-

As entidades adheridas poderán realizar un control e seguimento do exercicio da encomenda conferida mediante a solicitude de información detallada, en calquera momento, das actuacións realizadas. Poderán ademais formular as suxestións, queixas o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

reclamacións que estimen oportunas, que deberán ser contestadas por escrito pola Deputación Provincial no prazo máximo de quince días hábiles.

8ª) Vixencia e eficacia do convenio

O presente convenio terá vixencia indefinida, gozando de plena eficacia, para cada entidade local adherida, no prazo de quince días hábiles contados a partir da data de recepción pola Deputación do acordo de adhesión axustado ao modelo recollido no anexo I.

9ª) Extinción e modificación do convenio

1. O presente convenio poderá extinguirse polas seguintes causas:

a) Por denuncia unilateral de calquera das entidades locais adheridas, sen necesidade de alegar ningún tipo de causa. En todo caso, a denuncia deberá comunicarse cunha antelación mínima dun mes respecto da data da súa efectividade.

b) Por resolución unilateral da Deputación, con respecto ás entidades adheridas que incumpran as súas obrigas convencionais esenciais. A resolución adoptarase pola Deputación, previa audiencia da entidade local afectada, mediante resolución da Presidencia, contra a que poderán exercerse as accións previstas no ordenamento xurídico.

c) Pola declaración da súa extinción, co carácter xeral, e para todas as entidades adheridas, por parte da Deputación. Esa declaración corresponderá ao Pleno da Deputación, terá carácter motivado e deberá adoptarse previa audiencia das entidades adheridas e cunha antelación mínima dun ano respecto da data da súa efectividade. Non obstante, este prazo non será de aplicación no caso de que a extinción obedezca a unha causa de forza maior.

2. A Deputación Provincial poderá modificar unilateralmente o convenio, previa audiencia das entidades adheridas, por razóns de oportunidade. En todo caso, as modificacións entrarán en vigor no prazo mínimo dun mes dende a súa aprobación, agás que exista causa xustificativa para o establecemento dun prazo menor.

10ª) Suspensión temporal do convenio:

A eficacia do convenio poderá suspenderse, de forma temporal, e exclusivamente por causas de forza maior, mediante resolución da Presidencia da Deputación, da que, en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

todo caso, darase conta ás entidades adheridas á maior brevidade, e, de ser posible, con anterioridade á data de inicio da suspensión.

11º) Natureza e réxime xurídico.-

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondendo á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

Corresponderá, en todo caso, á Deputación, a través da súa Presidencia, a resolución en vía administrativa das reclamacións respecto da execución e interpretación do convenio que poidan formular as entidades adheridas, sen prexuízo da posibilidade de impugnación dos actos que se diten no exercicio desta facultade conforme ao previsto no ordenamento xurídico.

Anexo I: Modelo da parte dispositiva do acordo de adhesión ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

1º) Aprobar a adhesión do concello / mancomunidade / consorcio / entidade local menor de ... ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.

2º) Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.

3º) Designar como persoa responsable da execución do convenio a... Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde/ presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta a Pleno.

2º) Dar traslado deste acordo a todas as entidades locais da provincia, e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para xeral coñecemento.

3º.- MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto terceiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto terceiro](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobado inicialmente a modificación do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, no seguinte sentido:

Engádese un novo apartado 3 ao artigo 2, co seguinte contido:

3. Establécese, como órgano directivo da Deputación, dependendo xerarquicamente da Presidencia, unha Dirección Xeral de Recursos Humanos, coas seguintes funcións:

a) Apoio e asesoramento directo á Presidencia no deseño das políticas de recursos humanos.

b) Execución e impulso das ditas políticas

c) Xefatura directa do persoal provincial, sen prexuízo das atribucións dos deputados - delegados e da xefatura superior do persoal, que lle corresponde á Presidencia como atribución propia e indelegable.

No exercicio das funcións sinaladas nos apartados a) e b), corresponderalle á Dirección Xeral de Recursos Humanos o estudo e formulación de propostas na materia, a dirección e impulso na elaboración dos instrumentos de ordenación, planificación e selección dos recursos humanos e postos de traballo e dos programas e instrumentos de avaliación do desempeño, a xestión da negociación colectiva, así como a adopción das medidas precisas para a execución das decisións adoptadas polos órganos superiores da Deputación no ámbito de persoal.

No exercicio da función sinalada no apartado c), corresponderalle á Dirección Xeral de Recursos Humanos a inspección dos servizos provinciais, o control do cumprimento das súas obrigas polos empregados públicos e a coordinación, supervisión e seguimento da xestión en materia de persoal realizada polas diferentes direccións de área.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Sempre que a lexislación vixente o permita, a Presidencia poderá delegar na Dirección Xeral de Recursos Humanos a adopción de determinados actos administrativos na materia.

A persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Humanos será designada pola Presidencia, mediante libre designación con convocatoria pública, de acordo con criterios de competencia profesional e experiencia. As bases reguladoras do procedemento de selección aprobaranse pola Presidencia, e detallarán os criterios e procedementos de selección que se empreguen, así como os requisitos que deberán reunir os candidatos, que en todo caso deberán ser funcionarios de carreira do Estado, das comunidades autónomas, das entidades locais ou con habilitación de carácter nacional pertencentes a corpos ou escalas do subgrupo A1, ou persoas con experiencia en materia de recursos humanos que dispoñan ademais da titulación esixida para o acceso ao subgrupo A1.

A persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Humanos poderá ser libremente destituída pola Presidencia.

O réxime de incompatibilidades aplicable será o previsto na Disposición adicional 15ª da Lei de bases do réxime local. A persoa titular da Dirección Xeral de Recursos Humanos estará igualmente sometida ás obrigas de declaración de intereses, bens e actividades previstas na dita disposición.

As retribucións da Dirección Xeral de Recursos Humanos establecerase na Relación de Postos de Traballo, sen que sexan de aplicación as normas xerais de valoración de postos

Modifícase a Disposición derradeira, establecendo a entrada en vigor do Regulamento Orgánico modificado o 1 de xaneiro de 2016.

2º) Someter a información pública o presente acordo de aprobación inicial, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, por prazo de trinta días hábiles, durante o que calquera persoa interesada poderá formular as reclamacións e suxestións que estime oportunas. No caso de non formularse alegacións, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial. No caso de formularse, as alegacións deberán ser obxecto de resolución expresa e motivada polo Pleno.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Unha vez aprobada definitivamente a modificación do Regulamento Orgánico, procederáse á publicación do texto íntegro consolidado resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

4º.- ADHESIÓN Á REDE DE ENTIDADES LOCAIS PARA A TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto cuarto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto cuarto](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o dito ditame, e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á *Rede de Entidades Locais para a transparencia e participación cidadá* da Federación Española de Municipios y Provincias, como socio titular, de acordo co disposto no artigo 8 das Normas de funcionamento e organización desta e cumprir os seus fins estatutarios.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO 2016.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto quinto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto quinto](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (7) e do BNG (1), e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

1º.- Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo 2016 do persoal da Deputación Provincial de Ourense, segundo a proposta da Presidencia de data 16 de setembro de 2015.

2º.- Someter a información pública, durante o prazo de 20 días hábiles, o documento inicialmente aprobado, mediante anuncio no BOP, para a formulación de alegacións ou reclamacións. Se transcorrido o prazo de información pública non se formulan alegacións ou reclamacións, entenderase automaticamente aprobada de forma definitiva. Se se formulan alegacións ou reclamacións estar serán resoltas polo Pleno.

6º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN EN DON FRANCISO JOSÉ FRAGA CIVEIRA DA PRESIDENCIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS, E DE FACENDA E ECONOMÍA.-

Dáse conta do seguinte decreto da Presidencia:

“D E C R E T O: Ourense, 8 de setembro de 2015

Con data 30 de xullo de 2015, a comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía acordou, por unanimidade, propoñerlle á Presidencia a delegación da presidencia da dita comisión informativa no deputado provincial don Francisco José Fraga Civeira.

*Tendo en conta o disposto no artigo 125.a) do Regulamento de organización, funcionario e réxime xurídico das entidades locais (ROF), **DISPOÑO:***

1º.- Delegar a Presidencia da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía no deputado provincial don Francisco José Fraga Civeira, con efectos do día 9 de setembro de 2015.

2º.- Ordenar a publicación desta resolución no BOP en cumprimento do previsto no artigo 44.2 do ROF”.

Os membros da Corporación quedan informados.

7º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA PRESIDENCIA RELATIVO A PRÉSTAMO PARTICIPATIVO A FAVOR DE MEISA.-

Dáse conta do seguinte decreto:

“D E C R E T O: Ourense, 25 de agosto de 2015

Visto o acordo adoptado polo Pleno da Deputación Provincial de Ourense na súa sesión extraordinaria de data 14.11.2014, adoptado por unanimidade dos vinte e tres (23) deputados

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

asistentes á sesión, no que se resolveu “...reforzar a importancia dos concellos da Comarca de Trives e volver ter presenza nos órganos de xestión da Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda...”.

Visto o decreto desta Presidencia de data 23.04.2015, no que se resolve *adquirir mediante compravenda 336 accións (números 817 a 1152) ambas inclusive, polo seu valor nominal de vinte e cinco euros (25,00 €/acción) do socio Axencia de Turismo de Galicia, por un total de oito mil catrocentos euros (8.400,00 €) e 336 accións (números 1153 a 1488) ambas inclusive, polo seu valor nominal de vinte e cinco euros (25,00 €/acción) do socio Central Hotelera Hotelalia SL por un total de oito mil catrocentos euros (8.400,00 €)*, así como a posterior escritura pública de compravenda de accións de data 27.04.2015, nos termos acordados

Visto que na Xunta Xeral de data 27.04.2015, a Axencia Turismo de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense, o Concello de Pobra de Trives e o Concello de Manzaneda acordaron outorgar un préstamo participativo –*que se regulará polo clausulado do contrato e polo disposto no artigo 20 do Real Decreto Lei 7/1996 sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica, modificado pola disposición adicional segunda da Lei 10/1996-* que MEISA decidiu aceptar, a fin de destinalo o cubrir o financiamento do seu patrimonio neto, cun importe total do préstamo participativo distribuído entre os prestamistas nas contías e porcentaxes seguintes:

<i>PRESTAMISTA</i>	<i>IMPORTE</i>
<i>AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA</i>	<i>324.158</i>
<i>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE</i>	<i>324.158</i>
<i>CONCELLO DE POBRA DE TRIVES</i>	<i>13.507</i>
<i>CONCELLO DE MANZANEDA</i>	<i>13.507</i>
<i>Total desembolso</i>	<i>675.330</i>

Visto que pola Intervención Xeral da Deputación, como consta no expediente, foi efectuada a preceptiva retención de crédito axeitado e suficiente para facer fronte ás obrigas do presente contrato e a fiscalización do gasto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Considerando as competencias que lle veñen atribuídas á Presidencia polos *artigos 34.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, 61 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:***

1º.- Outorgar, na condición de prestamista desta Deputación, **préstamo participativo** a favor de MEISA na condición de prestatario, cun desembolso de 324.158,00 €, e de acordo coas seguintes estipulacións:

Primeira.- Obxecto

1.1 Os prestamistas prestan a MEISA, que acepta, a cantidade total de seiscentos setenta e cinco mil trescentos trinta euros (675.330 euros) en concepto de préstamo participativo (en diante, o "préstamo participativo")

O importe total do Préstamo Participativo distribúese entre os Prestamistas nas contías e porcentaxes seguintes:

PRESTAMISTA	IMPORTE
AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA	324.158
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	324.158
CONCELLO DE POBRA DE TRIVES	13.507
CONCELLO DE MANZANEDA	13.507
Total desembolso	675.330

1.2 O desembolso do importe do Préstamo Participativo realizarase por cada prestamista nun único pago resolutorio como máximo o día 27 de agosto de 2015 mediante transferencia vía OMF ou o sistema que se considere conveniente por cada prestamista, á conta bancaria nº ES 2080-5328-89-3040007744, aberta a nome de ESTACIÓN DE INVERNO DE MANZANEDA, S.A.

No caso de que, chegado o día 27 de agosto de 2015, algún dos prestamistas non ingresase o importe correspondente á súa achega na conta bancaria indicada, a sociedade MEISA

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

procederá a reembolsar a cada prestamista que si realizase a súa achega, o importe achegado, mediante o mesmo sistema que utilizase cada prestamista ao realizar a súa achega.

Segunda.- Natureza do préstamo

Por acordo expreso das Partes, o Préstamo que se concede en virtude do presente Contrato ten natureza participativa e, consecuentemente, regularase, ademais de polo disposto nas súas Cláusulas, polo disposto no Artigo 20 do Real Decreto-Lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica, tal e como foi modificado pola Disposición Adicional Segunda da Lei 10/1996, de 18 de decembro, de medidas fiscais urxentes sobre corrección da dobre imposición interna intersocietaria e sobre incentivos á internacionalización das empresas.

Terceira.- Carácter independente dos dereitos e obrigas dos prestamistas

Os dereitos e obrigas que correspondan a cada Prestamista en virtude do presente Contrato teñen o carácter de mancomunados, polo que a responsabilidade de cada un dos Prestamistas limitarase exclusivamente á súa participación no Préstamo Participativo.

No suposto de incumprimento do Contrato por un dos Prestamistas, o Prestamista incumpridor será o único responsable por ese incumprimento, sen que os restantes Prestamistas estean obrigados de ningún xeito a incrementar a súa participación no Préstamo Participativo para paliar o devandito incumprimento.

Os dereitos que correspondan a cada un dos Prestamistas en virtude do presente Contrato poderán ser exercitados por cada un deles de maneira independente respecto dos restantes Prestamistas.

Cuarta.- Vencemento

4.1. O Préstamo participativo vencerá, inicialmente, o 31 de decembro de 2018.

Ao vencemento do Préstamo Participativo MEISA queda obrigada ó retorno do capital máis os intereses devengados e non satisfeitos.

4.2. Ao vencemento do Préstamo Participativo e a elección dos Prestamistas, poderán requirir ao órgano de administración de MEISA para que acorde convocar a celebración dunha Xunta Xeral de Socios cuxa orde do día conteña unha proposta de ampliación de capital mediante compensación, total ou parcial, dos créditos derivados deste Contrato.

Quinta.- Amortización Anticipada Voluntaria

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Non obstante o disposto na Cláusula Terceira anterior, MEISA poderá amortizar anticipadamente, total ou parcialmente o Préstamo Participativo, sen que lle sexa aplicable penalidade algunha, sempre que o importe do Préstamo Participativo amortizado anticipadamente se compense cunha ampliación de igual contía dos fondos propios da Prestataria, sempre que esta non proveña dunha actualización de activos, de acordo co establecido no artigo 20.1.b) do Real Decreto-Lei 7/1996, do 7 de xuño.

No caso de amortización parcial do Préstamo Participativo, as Partes acordan que dita amortización deberá afectar a cada un dos Prestamistas en función da súa porcentaxe de participación no Préstamo Participativo.

Sexta.- Intereses

No caso de que ao termo do período inicial de vixencia do actual contrato, ou de calquera eventual prórroga do mesmo, MEISA tiver rexistrado un beneficio neto acumulado, a cantidade prestada devengará a favor dos Prestamistas un interese variable anual que se determinará en función do importe dos beneficios acumulados despois de impostos (resultado neto) que MEISA tiver contablemente rexistrado, todo iso segundo o seguinte escalado:

- Beneficios iguais ou inferiores a 500.000 euros – Euribor anual máis 1 puntos porcentuais;*
- Beneficios entre 500.001 euros e 1.000.000 – Euribor anual máis 2 puntos porcentuais.*
- Beneficios superiores a 1.000.001 – Euribor anual máis 3 puntos porcentuais*

Sétima.- Subordinación

O Préstamo Participativo, en orde á prelación de créditos, estará subordinado ao pago na súa totalidade de calquera débeda con rango preferente de MEISA. Non poderán realizarse pagos de cantidade debida en relación co Préstamo Participativo (incluíndo, intereses, principal, comisións, custos ou gastos) excepto polo que respecta á súa conversión en capital social, ata que non se teña abonado na súa totalidade calquera cantidade debida en relación con calquera débeda con rango preferente de MEISA (incluíndo o principal e intereses).

Oitava.- Resolución

Con independencia do previsto na Cláusula Terceira, os Prestamistas poderán declarar anticipadamente resolto o contrato si, polo motivo que sexa:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

1. *MEISA incumpre calquera das obrigas substanciais que lle incumben conforme a este contrato.*
2. *Chegada a data 27 de agosto de 2015 un ou máis prestamistas non realizasen a achega de acordo coa Estipulación Primeira.*

Novena.- Cesión

MEISA non poderá ceder, transferir, substituír nin subrogar os dereitos e obrigacións contraídos neste Contrato sen o consentimento expreso, escrito e unánime dos Prestamistas.

Igualmente, ningún dos Prestamistas poderá ceder, transferir, substituír nin subrogar os dereitos e obrigacións contraídos neste Contrato sen o consentimento expreso e por escrito de MEISA e de todos os Accionistas de MEISA.

Décima.- Protección de datos

10.1. *De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os Prestamistas e MEISA infórmanse reciprocamente que os datos persoais que entre ambos se faciliten durante a vixencia da presente relación comercial, serán incorporados en ficheiros da súa titularidade e responsabilidade, en cuxos domicilios sociais, poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. A estes efectos os Prestamistas e MEISA deberán comunicarse calquera modificación dos seus datos a fin de que a información estea en todo momento actualizada.*

10.2. *A finalidade do tratamento dos datos persoais facilitados mutuamente é o mantemento e control da relación comercial que manteñen as partes en virtude do presente Contrato así como cumprir as obrigas legais que puidesen derivarse das devanditas relacións.*

Undécima.- carácter independente das Estipulacións e encabezamentos

11.1. *No suposto de que calquera das Estipulacións deste Contrato resultase nula ou inesixible por calquera motivo en virtude da lexislación aplicable, o resto das súas Estipulacións continuará en pleno vigor, comprometéndose as Partes para realizar todos os esforzos razoables por substituír unha Estipulación legalmente nula ou inesixible por outra que supoña para as Partes (na medida do posible) os mesmos resultados comerciais que os pretendidos ou contemplados pola Estipulación orixinal.*

11.2. *Os encabezamentos das Estipulacións do presente Contrato figuran só para facilitar a súa referencia, polo que carecerán de efectos na interpretación das disposicións contidas nel.*

Duodécima.-. Inexistencia de renuncia

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

12.1. O feito de que unha Parte non esixa o cumprimento pola outra de calquera Estipulación deste Contrato non afectará de ningún xeito ao seu pleno dereito a esixir o seu cumprimento noutro momento posterior.

12.2. O feito de que unha Parte renuncie a reclamar ou tolere o incumprimento pola outra dunha Estipulación deste Contrato, non se entenderá como renuncia ou tolerancia respecto dun incumprimento posterior desa Estipulación.

Décimo terceira.- modificacións

Ningunha modificación ou variación deste Contrato será válida e surtirá efectos a menos que se exprese por escrito e se firme por ou en nome de cada unha das Partes.

Décimo cuarta.- Avisos e notificacións

14.1. Todos os avisos, notificacións e comunicados entre as Partes deberán formularse por escrito e entregarse en man ou enviarse por correo certificado, fax ou correo electrónico ás respectivas direccións que se indican no encabezamento.

14.2. Calquera das Partes poderá cambiar a súa dirección a efectos de notificacións, comunicando a nova dirección á outra con suficiente antelación e na forma establecida. Dito comunicado surtirá efectos no momento da súa recepción

Décimo quinta.- Acordo único

As Estipulacións do presente Contrato constitúen o Acordo Único entre as Partes en relación co obxecto do mesmo. Devandito Acordo Único cancelará e deixará sen efecto cantas ofertas, propostas, comunicacións ou garantías existisen entre as Partes con anterioridade ao mesmo. As Estipulacións do presente Contrato prevalecerán en caso de conflito con calquera termo ou condición adicional incluído en calquera outra comunicación anterior entre as Partes relativa ao obxecto do presente Contrato, salvo pacto en contrario.

Décimo sexta.- Gastos do Contrato

16.1. MEISA farase cargo de todos os gastos, honorarios e comisións que xa se teñan satisfeito ou deban satisfacerse para a preparación, celebración e cumprimento do presente Contrato.

16.2. Os impostos que se devenguen como consecuencia do presente Contrato serán soportados polas Partes na forma legalmente prevista.

Décimo sétima.- Foro xurisdiccional

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

As Partes, con expresa renuncia a calquera outro foro que puidera corresponderlles, sométense aos Xulgados e Tribunais da cidade de Ourense.

Décimo oitava.- Lei aplicable

O presente Contrato ten carácter mercantil e rexerese polas súas propias Estipulacións e no que nelas non estivera previsto ateranse as partes ás disposicións españolas do Código de Comercio, usos mercantís e na súa falta ao disposto no Código Civil español.

2º.- Que se proceda á sinatura do preceptivo contrato de préstamo participativo e se de conta do presente ao Pleno do presente acordo na vindeira sesión ordinaria que celebre”.

Os membros da Corporación quedan informados.

8º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO ANO 2014 E DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE APROBACIÓN DA MEMORIA XUTIFICATIVA DAS DESVIACIONES DETECTADAS.-

Dáse conta do seguinte informe de data 30 de abril de 2015:

“I.) ANTECEDENTES.

Con data 31 de xaneiro de 2014, o Pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou o *Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2014*. O dito Plan foi obxecto de publicación no BOP de Ourense de 7 de febreiro de 2014, executándose as súas previsións, nos termos que indicaremos, durante o citado exercicio orzamentario.

Dentro das determinacións do citado Plan Estratéxico, o apartado *D)*, dispón que no primeiro cuadrimestre de 2015 a Área de Administración Xeral emitirá un informe sobre o grao de execución do Plan estratéxico, no que se analizarán as principais incidencias e desviacións experimentadas, e que poderá conter propostas de mellora dos plans sucesivos. Deste informe daráselle conta ao Pleno da Deputación na primeira sesión ordinaria que se celebre, e o seu contido terase en conta para a planificación estratéxica que se elabore para o exercicio 2016 e seguintes.

II.) GRAO DE EXECUCIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO 2014.

II.A.) Modificacións na planificación estratéxica.

O Plan Estratéxico fora elaborado á vista das previsións en materia de subvencións contidas nos orzamentos xerais da Deputación Provincial de Ourense para 2014. Posteriormente, e a través dos expedientes de modificación de créditos que se detallarán, as previsións en materia de subvencións dos orzamentos modificáronse, a partir de dúas consideracións xerais, a saber:

a) En primeiro lugar, a existencia de novas demandas de accións de fomento dentro das liñas de actuación xa previstas polo Plan Estratéxico, non especificamente contempladas no dito Plan, aínda que congruentes cos seus obxectivos e enmarcadas na definición xeral das súas liñas de actuación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

b) En segundo lugar, a existencia dun remanente de tesourería para gastos xerais, resultante da liquidación do orzamento para o exercicio 2013, así como, en menor medida, a existencia de recursos procedentes da redución do capital da sociedade urbanística provincial Urbaourense, S.A., que permitiron dotar orzamentariamente esas novas accións dentro das liñas inicialmente previstas.

De conformidade co establecido na determinación II.A) do Plan estratéxico de subvencións 2014, as determinacións do plan teñen o carácter de orientacións estratéxicas que deben seguirse na xestión dos procedementos correspondentes, vinculando ós órganos da Deputación nos termos alí indicados.

Polo exposto, estímase oportuno verificar en primeiro lugar o axuste das modificacións introducidas ao longo do exercicio de 2014 ás finalidades previstas nas liñas de subvención contidas no Plan, tendo en conta que nos casos en que se detecte un afastamento das súas orientacións estratéxicas, debería motivarse a súa procedencia polo órgano xestor das subvencións, que é a Xunta de Goberno.

II.B.) Descrición das modificacións en materia de subvencións introducidas e indicación da súa correspondencia coas finalidades das liñas do Plan Estratéxico 2014.

As modificacións orzamentarias que afectaron ao Plan estratéxico de subvencións introducidas ao longo do exercicio 2014 foron as seguintes:

<i>MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 1/2014 (CE e SC)</i>				
PROCED.	CONTÍA/€	BENEFICIARIO	OBXECTO	LIÑA
Nominativa	20.000	Consortio T. Ribeira Sacra	Accións de promoción turística	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	600	Manuel Míguez Corbal	Torneo de kickboxing	C.3 (Fomento do deporte)
Nominativa	1000	Clube de automóbil ecolóxico de Galicia	Ralli ecolóxico	C.3 (Fomento do deporte)
Nominativa	500	Clube de Ximnasia Pavillón	Torneo primavera	C.3 (Fomento do deporte)
Nominativa	2000	Associação sociopedagóxica galaico-portuguesa	Ourense lúdico 2013	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	2000	Centro UNED Ourense	Curso extensión univ. galegos de Ourense	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	2000	Federación de cineclubes Galicia	Apoio e fomento dos cineclubes	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	1500	Fundación Vicente Risco	Premio Teixeira de Pascoaes	C.2 (Fomento da cultura)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

			2013	
Nominativa	1500	Fundación Feiras e Exposicións	Premios proxectos tecnolóxicos 2013	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	2000	IES O Couto	Proxecto Galicia e a Lusofonía	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	2000	Asociación Os Trasnos	Actividades socioculturais	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	1500	Asociación mulleres rurais Xestas	Curso informática básica	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	300	Asociación San Salvador	Actividades socioculturais	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	1000	Asociación Arteficial	Festival Arteficial	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	2000	Asociación Rocas	Actividades culturais	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	1500	Asociación Belenistas	Campaña Nadal	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	14400	Federación de auto escolas	Campaña educación viaria	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	2000	Ateneo de Ourense	Gastos 2013	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	1500	Asociación Os Montes	Actividades culturais	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	1000	Asociación Santa Marta de Velle	Actividades culturais	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	1000	Asociación agrupacións prot. Civil	Xornadas Protecc Civil Carballiño	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	1116	Xunqueira de Espadanedo	Substitución de mobiliario concello	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	1567	Bande	Mobiliario vestiarios campo de fútbol	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	19600	Bande	Muros acceso Portoquintela	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	2000	Villamartín de Valdeorras	Obras de mantemento oficinas municipais	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	26617	Sandiás	Reformas	C.1 (Cooperación obras

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

			vivendas sociais Couso-Piñeirás	e servizos municipais)
Nominativa	59.800	Padrenda	Mellora accesos a Zaqueiradas	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	120.000	Ribadavia	Pasarela sobre o río Avia	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	2000	A.VV Carpezás	Arranxo de forno	C.2 (Fomento da cultura-fondo rehabilitación patrimonio histórico- artístico)
Nominativa	2000	A. VV Mariñamansa	Gastos de funcionamento	C.7 (Fomento do asociacionismo veciñal)
Nominativa	1000	A. VV A Corredoira de Corbelle	Instalación de fiestras en local social	C.7 (Fomento do asociacionismo veciñal)
Nominativa	10000	Expourense	Termatalia 2013	C.5 (Fomento do desenvolvemento económico da provincia- desenvolvemento termal)
Nominativa	10000	Expourense	Termatalia 2014	C.5 (Fomento do desenvolvemento económico da provincia- desenvolvemento termal)
Nominativa	5000	Expourense	Foro da comunicación 2013	C.5 (Fomento do desenvolvemento económico da provincia- desenvolvemento termal)
Nominativa	2000	Asfaval	Sistema de extinción de incendios	C.6 (Fomento do benestar social- investimentos para entidades sen ánimo de lucro prestadoras de servizos sociais)
Nominativa	60500	C.F. Mestre Vide	Aula Multiusos	C.4 (Fomento da educación)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

<i>MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 2/2014 (CE e SC)</i>				
PROCED.	CONTÍA	BENEFICIARIO	OBXECTO	LIÑA
Nominativa	21967	Bande	Soterramento liñas alumeadas acceso colexio	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	30000	Larouco	Cubrición pista polideportiva en Freixido	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	15733	Quintela de Leirado	Instalación depósito gasóleo vivanda Xacebáns	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	10274	Lobios	Remodelación praza roxa mercado tradicional	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	12000	Lobios	Restauración sendeiro río Caldo e ruta Corga	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	20000	Pontedeva	Acondicionamento vivendas sociais	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	12000	Vilar de Santos	Obras de saneamento	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	13000	Riós	Centro Social do Navallo	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	8000	Riós	Aforro enerxético	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	25000	Riós	Mellora camiños Vilariño das Touzas e Mirós	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	40000	Xunqueira de Espadanedo	Acondicionamento centro de olería	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	14000	Sarreaus	Pozo en Cortegada	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Plan de cooperación	300000	Mancomunidades	Gastos de funcionamento	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Plan de cooperación	150000	Concellos	Actividades culturais recreativas e	C.2 (Fomento da cultura)
Concorrenza competitiva	50000	AAVV	Gastos de funcionamento	C.7 (Fomento do asociacionismo veciñal)
Nominativa	6000	Agrupación Coral de Ruada	Gastos culturais	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	6000	Soc. Art. Rec. Cul. Orfeón Unión Orensana	Gastos culturais	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	5834	Punxín	Transporte de persoas dependentes	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Plan de cooperación	300000	Concellos	Investimentos en instalacións deportivas	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Plan de cooperación	300000	Concellos	Investimentos en termalismo	C.6 (Fomento do desenvolvemento económico da provincia-desenvolvemento termal)
Plan de cooperación	300000	Concellos	Investimentos en equipamentos culturais	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Plan de cooperación	100000	Concellos	Protección do patrimonio cultural	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Plan de cooperación	200000	Concellos	Zonas verdes, parques e xardíns	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Concorrenza competitiva	180000	AAVV	Centros sociais veciñais	C.7 (Fomento do asociacionismo veciñal)
Nominativa	100626	Asoc. Municipios Portas de Galicia	Plan de competitividade turística	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)

MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 3/2014 (SC)				
PROCED.	CONTÍA	BENEFICIARIO	OBXECTO	LIÑA

PROCED.	CONTÍA	BENEFICIARIO	OBXECTO	LIÑA
---------	--------	--------------	---------	------

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Nominativa	20000	Ribadavia	Financiación da obra de construción de pasarela no río Avia	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
------------	-------	-----------	---	---

<i>MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 4/2014 (CE e SC)</i>				
PROCED.	CONTÍA	BENEFICIARIO	OBXECTO	LIÑA
Nominativa	292103	Concellos	Gastos GES	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	10000	Feaps Special Olympics Galicia	Xornada de convivencia O Carballiño	C.6 (Fomento do benestar social)
Nominativa	7000	Adegal	Gastos de funcionamento	C.6 (Fomento do benestar social)
Nominativa	10000	A Bola	Xornadas medioambientais	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	40000	O Barco de Valdeorras	Rúa Vicente Risco	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	26000	Os Blancos	Convenio CH Miño Sil-Ponte	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	60000	Xinzo de Limia	Infraestruturas municipais	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	50000	Melón	Arranxo camiños municipais	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	21000	Xunqueira de Ambía	Plan piloto desenvolvemento integral	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	30000	Muíños	Praza en Xermade	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	40000	Nogueira de Ramuín	Arranxo camiños municipais	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	60000	Bande	Mellora rede viaria	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Nominativa	50000	Cartelle	Regas asfálticas en camiños	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	43000	Padrenda	Acceso a Seoane	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	50000	Toén	Arranxos en Moreiras	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	49000	Vilardevós	Prazo Vilarello	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	39000	Oímbra	Acceso camiños agrícolas	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)
Nominativa	15000	Porqueira	Obras en rede municipal	C.1 (Cooperación obras e servizos municipais)

<i>MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 5/2014 (SC)</i>

PROCED.	CONTÍA	BENEFICIARIO	OBXECTO	LIÑA
Nominativa	7244	Fundación Festa da Historia	Festa da Historia	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	20128	Ribadavia	MIT Ribadavia	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	1000	Asoc cultural Rebulir	Festival Rebulir	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	2000	Coral da Ruada	Gastos de funcionamento	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	3000	Asoc Os do Fuelle Maceda	Material Escola de Música	C.2 (Fomento da cultura)
Nominativa	2986	Asoc FETEGA	FETEGA	C.2 (Fomento da cultura)

II.C.) Descrición das desviacións detectadas nas liñas estratéxicas do plan.

Detállanse a continuación as subvencións concedidas ao abeiro das modificacións do Orzamento xeral 2014 e que teñen difícil encaixe nas liñas estratéxicas e de actuación do plan que estamos a avaliar:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

PROCED.	CONTÍA	BENEFICIARIO	OBXECTO	LIÑA
Nominativa	1000 €	A. VV Corredoria de Corbelle	Instalación de fiestras en local social	***C.7 (<i>Fomento do asociacionismo veciñal</i>)
Nominativa	60500 €	C.F. Mestre Vide	Aula Multiusos	***C.4 (<i>Fomento da educación</i>)
Concurrencia competitiva	180000 €	AAVV	Centros sociais veciñais	***C.7 (<i>Fomento do asociacionismo veciñal</i>)

A primeira desviación detectada enmárcase na liña C.7 de fomento do asociacionismo veciñal, se ben se afasta da orientación estratéxica do plan, dado que o seu destino é un investimento, e non o financiamento dos gastos de funcionamento da asociación ou de actividades culturais, recreativas, deportivas, sociais ou medioambientais.

A segunda desviación detectada refírese a unha subvención nominativa por importe de 60.500 euros para o Club de fútbol Mestre Vide con destino a investimento consistente en construción de aula multiusos no CEIP Mestre Vide, investimento que (aínda que o beneficiario fose unha asociación) se incorpora ao patrimonio da Xunta de Galicia, da que depende ese centro educativo. Esta acción encádrase na liña C.4 do Plan estratéxico pola súa finalidade (fomento da educación), aínda que se aparta da orientación estratéxica do Plan, que non prevía subvencións de capital para investimentos en centros públicos da Xunta de Galicia.

A terceira desviación, enmárcase na liña C.7 de fomento do asociacionismo veciñal, se ben se afasta da orientación estratéxica do plan, dado que o seu destino é un investimento, e non o financiamento dos gastos de funcionamento da asociación ou de actividades culturais, recreativas, deportivas, sociais ou medioambientais.

En todo caso convén aclarar que as desviacións detectadas e enumeradas non constitúen infracción normativa ningunha, senón que supoñen un afastamento das orientacións iniciais do Plan en canto ao obxecto da acción de fomento, se ben tendo igualmente encaixe nalgunha das liñas previstas no propio plan. As desviacións detectadas deben considerarse na futura planificación que se faga, xa que constitúen un axeitado indicador das posibles demandas nesta/s materia/s.

II.D.) Cumprimento da finalidade das diferentes liñas de subvencións e incidencias detectadas:

C.1. Cooperación ás obras e servizos municipais.

Os obxectivos finais desta liña, a cooperación ás obras e servizos municipais nos ámbitos que figuran no plan estratéxico, estímense cumpridos na súa maior parte. Non obstante, e no caso de determinados plans de cooperación –especialmente os de equipamentos culturais e instalacións deportivas- e vistas as renuncias ás subvencións concedidas nuns casos e a ausencia de xustificación noutros, fan recomendable reformular en vindeiras convocatorias o ámbito subxectivo e, sobre todo, a dotación orzamentaria dos citados plans, que se considera insuficiente; pero non así a súa convocatoria, xa que a porcentaxe de demanda entre os concellos da provincia foi elevadísima.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

No resto de programas, plans e subvencións encadrados nesta liña de subvencións non se observan incidencias considerables, dándose por acadados os obxectivos previstos na planificación estratéxica.

É de destacar que nesta liña se introduciron ao longo do exercicio importantes modificacións, como xa vimos, o que desde o punto de visto orzamentario supuxo incrementar considerablemente o importe previsto (só os plans de cooperación introducidos na 2/2014 supuxeron un incremento da dotación inicial de 1.700.000,00 €).

C.2. Fomento da cultura.

Igualmente nesta liña estímense cumpridos os obxectivos previstos na planificación estratéxica.

As modificacións introducidas nesta liña ao longo do exercicio consistiron fundamentalmente na inclusión de subvencións nominativas a entidades e/ou concellos para finalidades concretas, ademais do xa comentado plan de cooperación para infraestruturas culturais.

C.3. Fomento do deporte.

Esta liña, ademais de contribuír ao mantemento das principais entidades deportivas da provincia e da súa base, centrouse en garantir unha actividade deportiva plural e diversificada a través de procedementos de concorrencia competitiva para actividades deportivas, eventos, clubs ou as xa tradicionais copas de deputación. De novo nestes procedementos acadouse unha gran demanda de participación.

En canto ás modificacións introducidas ao longo do exercicio apenas nos atopamos con tres subvencións nominativas, de escasa contía e para eventos deportivos puntuais.

C.4. Fomento da educación.

Desde a Área de Benestar desta Deputación implementáronse as subvencións (bolsas) incluídas nesta liña. Todas elas, de novo, acadaron os obxectivos previstos na planificación estratéxica e gozaron dunha elevada demanda.

É de salientar que a tramitación dos diferentes programas, polo procedemento de concorrencia competitiva, levouse a cabo por medios exclusivamente electrónicos, avanzándose neste xeito no cumprimento das previsións da Ordenanza reguladora do acceso electrónico aos servizos provinciais desta Deputación.

Nesta liña en particular non se introduciron modificacións ao longo do exercicio orzamentario, agás a xa comentada no apartado de desviacións detectadas.

C.5. Fomento do desenvolvemento económico da provincia.

O Plan estratéxico de subvencións do ano 2014 prevía que dende o Organismo Autónomo deste Deputación –INORDE– se implementaran dous procedementos de concorrencia competitiva para a promoción de produtos típicos e para accións de formación de emprendedores desde as organizacións empresariais.

A primeira acción desenvolveuse de xeito satisfactorio a través do correspondente concurso.

A segunda acción, destinada á formación de emprendedores dende as organizacións empresariais, non se convocou tal e como viña prevista no plan estratéxico, considerándose esta a principal incidencia detectada na execución do plan estratéxico. Os 200.000 € cos que estaba dotada esta acción non se articularon vía subvención senón como unha actividade propia do INORDE, desenvolvida a través de convenios de colaboración e/ou contratos con entidades formadoras e organizacións empresariais que foron as encargadas de levar a cabo a formación dos emprendedores. En todo caso, e aínda que se modificase o mecanismo de actuación (acción promovida polo INORDE con colaboración de entidades formadoras e organizacións empresariais, no canto de concesión de subvencións a terceiros) enténdese que a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

finalidade prevista no Plan Estratéxico cumpríuse, aínda que empregando unha vía diferente á inicialmente prevista.

No tocante ás modificacións introducidas ao longo do exercicio no orzamento da Deputación, todas elas incidiron na potenciación do sector termal, un sector que se considera estratéxico para a provincia e no que se incide na planificación estratéxica formulada para o ano 2015. Así, a través dun plan de cooperación para concellos -dotado con 300.000,00 €- para investimentos en materia de termalismo, acadouse unha importante mellora das infraestruturas existentes e na creación doutras novas, todas elas estreitamente vinculadas a este sector. A maiores deste plan de cooperación, e mediante subvencións nominativas, sufragáronse gastos a Expourense da celebración das feiras “Termatalia” nos anos 2013 e 2014.

C.6. Fomento do benestar social.

A presente liña de actuación do plan estratéxico tiña por obxecto garantir a prestación dos servizos sociais – complementarios dos xestionados polo sector público - por entidades sen ánimo de lucro no ámbito territorial da provincia. Mediante procedementos de concorrencia competitiva instrumentáronse concursos para a concesión de subvencións para o financiamento da prestación de servizos sociais por estas entidades e, paralelamente, para investimentos destas entidades neste ámbito. Nesta liña os obxectivos acadáronse de xeito satisfactorio.

O mesmo pode dicirse en canto ao fondo previsto para subvencións de emerxencia social, que se articulou mediante subvencións nominativas concretas, e que esgotaron o crédito previsto.

No relativo ás modificacións ao longo do exercicio, unicamente se observa unha subvención nominativa a unha entidade sen ánimo de lucro, de escasa contía e para unha finalidade concreta que ten encaixe nesta liña da planificación.

C.7. Fomento do asociacionismo veciñal.

A presente liña, tal e como viña prevista no plan, desenvolveuse a través de procedementos de concorrencia competitiva, tanto para asociacións como para federacións veciñais, no primeiro caso para o financiamento de gastos de inversión e no segundo para o financiamento de gastos correntes ou de funcionamento, con unicamente dúas excepcións, a través de dúas subvencións nominativas de pequena contía (de 1.000 euros – AVV Corredoira de Corbelle – e 2.000 euros – A.VV. Mariñamansa) que supoñen menos do 1 % do total de subvencións concedidas ao abeiro desta liña.

Os concursos, con importante demanda, desenvolvéronse sen incidencias.

As modificacións introducidas ao longo do exercicio xa foron comentadas no apartado relativo ás desviacións.

Compre destacar que existen diferentes asociacións que figuran como beneficiarias de subvencións en diferentes liñas e accións –particularmente para o fomento da cultura- e que poderían ter encaixe, por esta razón, en varias das liñas da planificación estratéxica avaliada.

II.E.) Publicidade das subvencións concedidas:

En cumprimento do establecido no artigo 5 da Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación Provincial (*BOP n.º 285, de data 13.12.2013*), procedeuse á publicación do listado íntegro das subvencións concedidas ao longo do exercicio, co detalle que se indica:

CUADRIMESTR ES	DOG	BOP
1º	Nº 119, Mércores, 25 de xuño de 2014	Nº 126, Mércores, 4 de xuño 2014

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

2º	Nº 211, Martes, 4 de novembro de 2014	Nº 227, Xoves, 2 de outubro de 2014
3º	Nº 50, Venres, 13 de marzo de 2015. Corrección erros: Nº 54, 19 marzo de 2015	Nº 54, Sábado, 7 de marzo de 2015

III.) PROPOSTAS DE MELLORA.

A modo de conclusión do presente informe, e en aras a mellorar na xestión das subvencións a outorgar por esta administración, podemos finalizar coas seguintes recomendacións:

a) Dende o punto de vista da propia planificación:

1º. Establecer un plan estratéxico a máis longo prazo (por un periodo de tres anos, 2016-2019, coincidindo co mandato da nova corporación provincial) vinculado a obxectivos xerais dentro das competencias provinciais e co máximo consenso posible.

2º. Incrementar as vías ou canles de información pública que se empregan actualmente, para que os potenciais beneficiarios (especialmente os concellos) poidan suxerir posibles orientacións e liñas ou accións do futuro plan, en atención ás súas necesidades e ás competencias provinciais no eido da cooperación.

3º. Abondar na liña marcada polos obxectivos de cada área e afondar no seu desenvolvemento e consecución.

4º. Sinalar indicadores que permitan avaliar o cumprimento de obxectivos en termos porcentuais sobre o planificado.

b) Dende o punto de vista da xestión:

1º. Profundar no proceso iniciado de unificación de formatos e procedementos, e incorporar de xeito paulatino a tramitación electrónica dos diferentes procedementos ata convertela no forma de tramitación ordinaria. Axilizar no posible o trámite administrativo de concesión de subvencións para evitar a excesiva burocratización, principalmente mediante a incorporación de criterios de valoración automática nos concursos.

2º. Coordinar a base de datos de subvencións deste Deputación coa Base de datos Nacional de Subvencións e coas obrigas da normativa en materia de transparencia, nos termos esixidos pola normativa aplicable, en especial pola propia normativa regulamentaria desta Administración (*Ordenanza Xeral de Subvencións e Ordenanza de Transparencia, Acceso e Reutilización da Información do Sector Público Provincial de Ourense*).

3º. Precisar con claridade, na tramitación dos procedementos por concorrencia competitiva, a data límite de presentación de solicitudes, xa que se teñen observado interpretacións erróneas dos prazos por algúns solicitantes.

4º. Adiantar as convocatorias dos diferentes procedementos de concesión de subvencións (preferiblemente, e na medida do posible, ao derradeiro trimestre de cada exercicio con respecto ao seguinte) empregando o mecanismo da tramitación anticipada coa finalidade de facilitar a planificación e xestión das actividades subvencionadas polos beneficiarios”.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Dáse conta así mesmo do seguinte acordo da Xunta de Goberno de data 11 de setembro de 2015:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA DAS DESVIACIÓNS DETECTADAS NA AVALIACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2014.- Con data 31 de xaneiro de 2014, o Pleno da Deputación Provincial de Ourense aprobou o Plan estratéxico de subvencións da Deputación Provincial de Ourense e do INORDE para o exercicio 2014.

Dentro das determinacións do citado plan estratéxico, o apartado D), dispón que no primeiro cuadrimestre de 2015 a Área de Administración Xeral emitirá un informe sobre o grao de execución do plan estratéxico. O citado informe foi emitido pola Área de Administración Xeral desta Deputación con data 30 de abril de 2015.

En canto **ás desviacións detectadas**, no referido informe sinálase o seguinte:

II.C.) Descrición das desviacións detectadas nas liñas estratéxicas do plan

PROCED.	CONTÍA	BENEFICIARIO	OBXECTO	LIÑA
Nominativa	1000 €	A. VV Corredoria de Corbelle	Instalación de fiestras en local social	***C.7 (Fomento do asociacionismo veciñal)
Nominativa	60500 €	C.F. Mestre Vide	Aula multiusos	***C.4 (Fomento da educación)
Concurrencia competitiva	180000 €	AAVV	Centros sociais veciñais	***C.7 (Fomento do asociacionismo veciñal)

A primeira desviación detectada enmárcase na liña C.7 de fomento do asociacionismo veciñal, se ben se afasta da orientación estratéxica do plan, dado que o seu destino é un investimento, e non o financiamento dos gastos de funcionamento da asociación ou de actividades culturais, recreativas, deportivas, sociais ou medioambientais.

A súa concesión vén motivada por unha demanda concreta e puntual do beneficiario, sendo o seu obxecto a execución dun investimento inaprazable e dunha contía moi reducida.

A segunda desviación detectada refírese a unha subvención nominativa por importe de 60.500 euros para o Club de Fútbol Mestre Vide con destino a investimento consistente en construción de aula multiusos no CEIP Mestre Vide, investimento que (aínda que o beneficiario fose unha asociación) se incorpora ao patrimonio da Xunta de Galicia, da que depende ese centro educativo. Esta acción encádrase na liña C.4 do plan estratéxico pola súa finalidade (fomento da educación), aínda que se aparta da orientación estratéxica do plan, que non prevía subvencións de capital para investimentos en centros públicos da Xunta de Galicia. De novo, trátase de financiar un investimento para o que o beneficiario solicitou o auxilio económico desta administración ao non poder obter este na administración educativa.

En futuras planificacións deberíanse ter en conta este tipo de demandas, máis se temos presente que no exercicio actual de 2015 existe un programa específico “Educou” destinado a cofinanciar actuacións similares á descrita en centros educativos públicos da nosa provincia.

Por último, a terceira desviación, enmárcase na liña C.7 de fomento do asociacionismo veciñal, se ben se afasta da orientación estratéxica do plan, dado que o seu destino é un

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

investimento, e non o financiamento dos gastos de funcionamento da asociación ou de actividades culturais, recreativas, deportivas, sociais ou medioambientais.

Neste caso, ao tratarse de demandas provenientes de varias AAVV optouse polo procedemento de concorrencia competitiva, dotándose unha aplicación orzamentaria específica para atender a estas no expediente de modificacións de crédito 2/2014, valorándose os proxectos presentados en atención aos criterios establecidos nas bases e na convocatoria desta liña de fomento do asociacionismo veciñal.

Se ben a xustificación das desviacións analizadas xa se podía considerar implícita no acordo de aprobación adoptado polo órgano competente para cada unha delas, tanto no expediente de modificación de crédito como de concesión da subvención, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno Provincial**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1.- Aprobar, polos motivos anteditos, a presente memoria xustificativa das desviacións detectadas na avaliación do Plan estratéxico de subvencións 2014.

2.- Incorporar o presente acordo ao expediente de avaliación da citada planificación para os efectos oportunos”.

Os membros da Corporación quedan informados.

9º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 4/2015.-

O Sr. interventor accidental dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto noveno](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o ditame da comisión, coa emenda da Presidencia, consistente en modificar a finalidade da subvención ao Concello de Esgos, e co voto favorable dos deputados e deputadas do Grupo Popular (14), o voto en contra dos deputados e deputadas do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES E INVESTIMENTOS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE
450.12/762.01	Cooperación provincial a concellos subvencións	1.330.626,30€
341.11/762.01	A Concellos nominativas. Promoción e fomento do deporte	98.803,72 €
231.11/462.01	A Concellos subv. para PAI. Acción social	6.000,00 €
450.12/462.06	A Concellos. Cooperación provincial	91.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

334.20/462.01	A Concellos. Actividades culturais e recreativas	44.000,00 €
334.17/489.09	A entidades sen fins de lucro. Promoción cultural	30.000,00 €
166.11/650.01	Plano cooperación. Planos provinciais	175.000,00 €
450.12/227.06	Estudios e traballos técnicos. Cooperación provincial	19.965,00 €

CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE
432.11/467.01	A Consorcio turismo Ribeira Sacra. Promoción do turismo	25.000,00 €
136.00/463.00	A Mancomunidade de Celanova. Servizo prevención e extinción de incendios	50.000,00 €
432.11/462.01	A concellos. Promoción turística	22.000,00 €
450.12/226.09	Actividades culturais. Cooperación provincial	35.000,00 €
924.12/489.10	Federacións asociación de veciños. Participación veciñal	43.488,00 €

CRÉDITO EXTRAORDINARIO. GASTOS DE INVERSIÓN

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE
312.00/789.01	A familias e institucións sen fins de lucro. Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde	60.000,00 €
231.11/763.00	A mancomunidades. Acción social	60.000,00 €

RESUMO

Suma suplementos de crédito.....	1.795.395,02 €
Suma créditos extraordinarios.....	295.488,00 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	2.090.883,02 €
--	-----------------------

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense proceder concretar o capítulo IV e VII de gastos que se ven modificados neste expediente, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01**. A Concellos. Cooperación provincial:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Beneficiario	Finalidade	Importe
O Bolo	3 ^a fase de saneamento e abastecemento en Teixido	50.000,00 €
San Cristovo de Cea	Reformas do velorio municipal	50.000,00 €
Sarreaus	Realización obras local social en O Couto	60.000,00 €
Leiro	Obra Centro Cultural, Asociaciones en Leiro	50.000,00 €
Cortegada	Acondicionamento da zona do novo Balneario de Cortegada	50.000,00 €
Larouco	Adquisición de brazo desbrozadora	7.500,00 €
Muíños	Redacción Plan Director do Xeodestino Turístico Terras de Celanova-Baixa Limia	6.412,00 €
Muíños	Execución das obras de ampliación do Albergue A Rola	68.000,00 €
Concello Muíños	Mellora accesos ao Corgo	26.750,00 €
Chandrexa de Queixa	Adquisición dun camión 4X4 usado para cubrir diversas necesidades do Concello como quitaneves e incendios	15.000,00 €
Cortegada	Acondicionamento de camiños en Valongo	15.189,65 €
Concello Paderne de Allariz-	Acondicionamento do camino acceso ao velatorio Solveira	13.162,46 €
Larouco	Adecuación e mellora na Praza Seoane	13.553,71 €
O Barco	Retirada de lodos da Edar	4.512,00 €
Toén	Obras de remate centro social Mugares	60.000,00 €
Os Blancos	Abastecemento en Nocedo de Ribeira	50.000,00 €
San Cristovo de Cea	Reparación vías municipais	20.000,00 €
Laza	Construción de rede de abastecemento ao Parque de Aventura de Laza	50.000,00 €
Montederramo	Obras complementarias na Residencia Centro de Día de Montederramo	75.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Avión	Diversas obras municipais	6.000,00 €
Parada do Sil	Urbanización “Casa da Castaña”	20.000,00 €
Porqueira	Alumeado municipal	25.000,00 €
Verea	Adquisición desbrozadora	8.000,00 €
A Gudiña	Equipamento parques biosaludables	10.130,12 €
Oimbra	Construcción dun parque en Bousés	8.979,32 €
Oimbra	Reparación do Tellado e revestimento do Centro Social de Bousés	14.448,74 €
Oimbra	Renovación da cuberta en edificio Cámara Agraria	33.722,69 €
Padrenda	Praza de San Roque de Crespos	30.200,00 €
Riós	Reformas no PAI	15.000,00 €
Xinzo	Proxecto Xinzo 5G	15.125,00 €
Cenlle	Abastecemento As Cuñas	19.500,00 €
Calvos de Randín	Arranxos na reitoral de Calvos de Randín	30.000,00 €
Concello de Xinzo de Limia	Restauración capela Virxe da Caridade	3.000,00 €
Concello de Xinzo de Limia	Peche acristalado do centro social	6.000,00 €
Concello de Oímbra	Ampliación casa do Concello	50.000,00 €
Concello Piñor	Substitución de cuberta e mellora no Graneiro (O Reino)	33.749,00 €
Concello O Barco	Acondicionamento rúa Calabaneiros tramo I	75.500,00 €
Concello de Gomesende	Reforma no centro de saúde	15.120,31 €
Esgos	Renovación da rede de saneamento e abastecemento no núcleo rural de Soutelo	57.874,24 €
Nogueira de Ramuín	Camiño OU 0509-OU 0508 Campo de fútbol	59.197,06 €
Leiro	Pasarela Confederación Hidrográfica	60.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Vilar de Santos	Obras emerxencia para abastecemento	25.000,00 €
Vilar de Santos	Adecuación dun vial no polígono industrial	12.000,00 €
Vilar de Santos	Museo da Limia	12.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **341.11/762.01**. A Concellos nominativas. Promoción e fomento do deporte:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Oimbra	Ampliación dos vestiarios do polideportivo	13.553,72 €
San Cibrao das Viñas	Construción dun ximnasio en Ponte Noalla	50.000,00 €
Boborás	Piscina municipal	35.250,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/462.01**. A Concellos subv. para PAI . Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Punxín	Plan piloto de transporte colectivo persoas dependentes	6.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/462.06**. A concellos cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Muíños-Bande	Brigada medioambiental entre os concellos de Muíños e Bande (representante o Concello de Muíños)	30.000,00 €
A Peroxa	Estudio técnico navegabilidade do río Miño entre Velle e Os Peares	6.000,00 €
Xunqueira de Espadañedo	Gastos de mantemento de servizos municipais	50.000,00 €
Padrenda	Mantemento das piscinas	5.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.20/462.01**. A Concellos. Actividades culturais/recreativas:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Rairiz de Veiga	Organización Romaría da Sainza	9.000,00 €
Concello de	Organización Festival cine internacional OUFF	35.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Ourense		
---------	--	--

Con cargo á aplicación orzamentaria **432.11/462.01** . A Concellos.Promoción turística:

Beneficiario	Finalidade	Importe
A Veiga	Actividades y promoción del astroturismo	22.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **136.00/463.00**. A Mancomunidade de Celanova. Servizo prevención e extinción de incendios:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Mancomunidade Terras de Celanova	Gastos de funcionamento extinción e prevención de incendios	50.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/763.00**. A Mancomunidades. Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Mancomunidade de concellos da Comarca de Ourense	Construcción e posta en marcha do Punto de Atención Infancia	60.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **432.11/467.01**. A Consorcio turismo Ribeira Sacra. Promoción do Turismo:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Consorcio de Turismo Ribeira Sacra	Gastos correntes de funcionamento para o ano 2015	25.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.17/489.09**. A entidades sen fins de lucro promoción cultural:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación Aquae Querquennae Via Nova	Actividades e gastos de funcionamento	30.000,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **924.12/489.10** Federaci3ns asociaci3n de veci3os. Participaci3n veci3al:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Federaci3n asociaci3n de veci3os Ourense Limiar	Gastos de funcionamento	18.526,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Agrupación asociación de veciños Miño	Gastos de funcionamento	16.525,00 €
Federación Asociación de veciños de Carballiño	Gastos de funcionamento	7.219,00 €
Federación provincial de mulleres rurais	Gastos de funcionamento	1.218,00 €

Con cargo á aplicación orzamentaria **312.00/789.01**. A familias e institucións sen fins de lucro. Hospitais, servizos asistenciais e centros de saúde:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Cruz Vermella	Ambulancia	60.000,00 €

3º.- Nas bases de execución do orzamento 2015 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, previase unha subvención ao Concello de A Merca para a realización da obra rehabilitación da praza do pobo de Proente. Visto o escrito do Concello de A Merca de data 2 de xuño de 2015 onde se expón que por causas alleas ao Concello non foi posible levar a cabo dita obra, solicita o cambio de obxecto para o cal se concede a subvención:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de A Merca	Asfaltado do acceso a Zarracos, da pista de A Medorra, do centro do pobo de Olas e do acceso a Rubiás e Rebola	12.499,16 €

No expediente de modificación de créditos 1/2015 e con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos subvencións. Cooperación provincial” previase unha subvención ao Concello de Verín para a obras no centro social de A Rasela. Visto o escrito de renuncia do Concello de Verín de data 24 de xullo de 2015 coa finalidade de que dita subvención se tramite a favor da Asociación de Veciños Santa María da Rasela, a aplicación orzamentaria na que se imputaría a dita subvención sería a seguinte:

- 414.11/789.01. Promoción e fomento do medio rural. A familias e institucións sen fins de lucro:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Asociación de veciños Santa María da Rasela	Obras no centro social de A Rasela	25.000,00 €

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

10º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, nos seguintes termos:

1º) Modifícase o artigo 5, suprimindo a referencia ao Diario Oficial de Galicia.

2º) Modifícase o artigo 7.3.a), substituíndo a referencia ao Diario Oficial de Galicia por unha referencia ao Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

3º) Modifícase o 7.3.e), engadindo ao texto actual o seguinte: *“Igualmente, as bases poderán habilitar á comisión de valoración para establecer un mínimo de puntuación como requisito para a obtención da condición de beneficiario”*.

4º) Modifícase o artigo 9.2, dándolle nova redacción, nos termos seguintes:

“A contía global das subvencións nominativas que teñan por finalidade o financiamento de investimentos de entidades locais da provincia non poderán exceder do 50 % do importe total da suma dos capítulos IV e VII”.

5º) Engádesse un apartado c) no artigo 15.1, coa seguinte redacción: *“Nos termos e condicións que establezan as bases reguladoras do concurso ou os acordos de concesión de subvencións será asumible a xustificación e pagamento parcial da subvención concedida”*.

6º) Modifícase o artigo 15.2.b), engadindo o seguinte texto: *“O disposto neste apartado non será de aplicación ás subvencións que non teñan por obxecto a execución de proxectos ou programas de actividades concretos, tales como as subvencións destinadas ao*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

financiamento dos gastos ordinarios de funcionamento do beneficiario. Nestes supostos, para considerar totalmente xustificada a subvención abondará con que o gasto xustificado sexa igual ao importe da subvención concedida, agás que as bases reguladoras ou o acto de concesión establezan un límite inferior”.

7º) Modifícase o artigo 16.2, no senso de substituír a referencia ao 2 % dos recursos ordinarios do orzamento da entidade local solicitante polo 10 %.

8º) Modifícase a Disposición derradeira, no senso se fixar a entrada en vigor da Ordenanza modificada o 1 de xaneiro de 2016.

Segundo: Someter a información pública o presente acordo de aprobación inicial, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, por prazo de trinta días hábiles, durante o que calquera persoa interesada poderá formular as reclamación e suxestións que estime oportunas. No caso de non formularse alegacións, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial. No caso de formularse, as alegacións deberán ser obxecto de resolución expresa e motivada polo Pleno.

Unha vez aprobada definitivamente a modificación da Ordenanza, procederase á publicación do texto íntegro consolidado resultante da dita modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

11º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2016.-

O Sr. presidente anuncia que o BNG presentou unha emenda á totalidade dos orzamento. Anuncia tamén que de acordo co Regulamento Orgánico da Deputación os tempos de intervención neste debate son de 15 minutos como máximo na primeira quenda e 8 minutos na segunda.

O Sr. interventor accidental explica o contido do ditame da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as intervencións que se recolle no punto décimo primeiro da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo primeiro](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda á totalidade presentada polo BNG, que queda rexeitada ao obter o voto favorable do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

deputado do BNG (1), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2).

A continuación sométese a votación a aprobación inicial do orzamento da Deputación para o exercicio 2016 e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8), dos de Democracia Ourensana (2) e o do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o orzamento xeral da Deputación provincial de Ourense para o ano 2016, co detalle que figura nos resumos seguintes:

A) ENTIDADE LOCAL.-

Estado de gastos

Capítulo 1.- Gastos de persoal	29.191.089,68€
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	18.289.624,64 €
Capítulo 3.- Gastos financeiros	189.916,55 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	10.012.145,75 €
Capítulo 5.- Fondo de continxencia	100.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	15.713.250,00€
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.290.500,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €
Capítulo 9.- Pasivos financeiros	2.613.473,38 €
TOTAL GASTOS.....	77.700.000,00 €

Estado de ingresos

Capítulo 1.- Impostos directos	4.340.000,00 €
Capítulo 2.- Impostos indirectos	3.900.000,00 €
Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	5.807.202,25 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	61.481.935,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	224.862,75 €
Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais	21.000,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.625.000,00 €
Capítulo 8.- Activos financeiros	300.000,00 €

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

TOTAL INGRESOS... 77.700.000,00 €

B) INORDE.-**Estado de gastos**

Capítulo 1.- Gastos de persoal	932.583,33€
Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos	579.518,67€
Capítulo 4.- Transferencias correntes	300.000,00 €
Capítulo 6.- Investimentos reais	94.898,00 €
Capítulo 7.- Transferencias de capital	1.500.000,00

TOTAL GASTOS..... 3.407.000,00 €

Estado de ingresos

Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	13.030,00 €
Capítulo 4.- Transferencias correntes	1.833.653,00 €
Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais	28.368,00 €
Capítulo 7.-Transferencias de capital	1.531.949,00€

TOTAL INGRESOS..... 3.407.000,00 €

2º.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento Xeral, segundo figuran no expediente.

3º.- Aprobar os cadros de persoal, que se dividen en persoal funcionario, laboral e eventual, de acordo co art.126 do Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986.

4º.- De acordo co art. 169 da LRFL, o orzamento xeral será exposto ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

12º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2014.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

O Sr. interventor accidental dá conta da tramitación do expediente da conta xeral do exercicio 2014.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto décimo segundo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo segundo](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a aprobación da conta xeral do exercicio 2014, e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención do deputado presente de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar as contas xerais correspondentes ao exercicio 2014 de acordo co establecido no artigo 212.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Proceder á rendición da conta xeral correspondente ao exercicio 2014 ao Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

13º.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA PRESIDENCIA DE DELEGACIÓN EN DON PABLO PÉREZ PÉREZ, DEPUTADO DELEGADO DA ÁREA DE COOPERACIÓN E SEGUIMENTO DO MANDATO 2015-2019, DE TODAS AS FACULTADES DE REPRESENTACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO CONSORCIO DE AUGAS DE VALDEORRAS.-

Dáse conta do seguinte decreto de data 27 de xullo de 2015:

“De conformidade cos estatutos do Consorcio de Augas de Valdeorras, aprobados por Decreto 203/2012, do 11 de outubro (DOG do 24 de outubro de 2012), a representación da Deputación Provincial no dito consorcio correspóndelle á Presidencia que poderá delegar a súa representación.

Tendo en conta que por Decreto do 16 de xullo de 2015 se designou a don Pablo Pérez Pérez como deputado delegado, entre outras, en materia de cooperación coas entidades locais, e sendo o Consorcio de Augas de Valdeorras unha fórmula institucional de cooperación, considérase conveniente delegar no dito deputado a representación desta Deputación Provincial no citado consorcio.

Polo exposto **DISPŌÑO:**

1º.- Delegar en don Pablo Pérez Pérez, deputado delegado da área de cooperación e seguimento do plan do mandato 2015-2019 e membro da Xunta de Goberno desta Deputación, todas as facultades da representación da Deputación Provincial no Consorcio de Augas de Valdeorras, con efectos do día da data.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

2º.- Ordenar a publicación desta resolución no BOP e darlle conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar”.

Os membros da Corporación quedan informados.

14º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2015, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Non se producen intervencións someténdose a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular, do Grupo Socialista (8) e a abstención do deputado presente Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Incrementando en 10.497,30 € o orzamento consignado para a execución da obra n.º 24/POS/2015 “Reforma integral da escola de Noallo de Abaixo para centro veciñal”, fixando o dito orzamento na cantidade de 60.497,30 €, cunha achega da deputación polo importe de 25.000,00 €.
- Incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 25/POS/2015 denominada “1ª fase velorio municipal de Castrelo de Miño”- a obra denominada “Acondicionamento da planta alta do centro médico de Prado de Miño para usos municipais” cun orzamento total de execución de 54.500,00 € e unha achega da deputación polo importe de 25.000,00 €.

15º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2015, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 3/POS/2015 DO CONCELLO DE AMOEIRO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Non se producen intervencións someténdose a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

do deputado presente Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2015 no relativo ó concello de Amoeiro, incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 3/POS/2015 denominada “Colocación de bombas en depósito intermedio de bombeo de Amoeiro”- a obra denominada “Mellora de infraestruturas de abastecemento no concello de Amoeiro” cun orzamento total de execución de 22.000,00 €.

16º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA SOLICITADA POLO CONCELLO DE PORQUEIRA PARA A EXPROPIACIÓN FORZOSA DOS BENS AFECTADOS POLA OBRA DE CONSTRUCCIÓN DE “ PISCINA MUNICIPAL EN A FORXA (SEPARATA VESTIARIOS E EDIFICIO AUXILIAR)”, CLAVE: PEID/2001.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto décimo sexto da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo sexto](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención do deputado presente de Democracia Ourensana (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1) Aceptar a delegación de competencias solicitada polo Concello de Porqueira para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra de construción de “piscina municipal na Forxa (separata vestiarios e edificio auxiliar)”, clave PEID/2001.
- 2) Comunicarlle ao Concello de Porqueira que lle corresponderá aboar as indemnizacións que se deriven da tramitación do expediente expropiatorio, así como os gastos dos anuncios que se deriven deste, como beneficiario da expropiación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

17º.- APROBACIÓN DAS BASES PARA A ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL PARA O EXERCICIO 2016.-

O Sr. secretario expón o contido do ditame da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural e anuncia unha emenda da Presidencia a este ditame, consensuada na Xunta de Portavoces.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo sétimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo sétimo](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o texto definitivo das bases contido na emenda da Presidencia, e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourenzana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

I.- Aprobar as bases para a elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2016, co seguinte teor literal:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación dos procedementos de elaboración e execución do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais e da Rede Viaria Provincial para o exercicio 2016.

2ª) Estrutura do Plan Provincial de Cooperación 2016. Distribución dos investimentos por concellos.

1. O Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos Municipais para o exercicio 2016 comprenderá as seguintes clases de investimentos:

- Investimentos en obras de mellora e conservación da rede viaria provincial, de titularidade da Deputación Provincial.

- Investimentos en obras de competencia municipal, preferentemente as necesarias para a efectiva prestación dos servizos municipais obrigatorios enumerados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

2. O Plan Provincial 2016, tanto no apartado da rede viaria provincial coma no relativo ás obras municipais (neste caso ata o importe máximo establecido para cada termo municipal nestas bases) financiarase na súa integridade pola Deputación Provincial de Ourense, resultando en consecuencia o seguinte cadro básico de financiamento:

Obras municipais:

- Deputación Provincial: 100,00 %

Obras da Rede Viaria Provincial:

- Deputación Provincial: 100 %

3. Non obstante, no caso das obras municipais, os concellos voluntariamente poderán efectuar achegas adicionais para o financiamento das obras, alterándose automaticamente o cadro de financiamento neses supostos. Doutra banda, incluíranse igualmente no Plan Provincial, todas aquelas obras para as que os concellos soliciten a súa inclusión, dotadas de financiamento exclusivamente municipal ou procedente doutras administracións públicas, para os efectos de obter a declaración de utilidade pública de cara a posibilitar a obtención de terreos mediante expropiación forzosa.

4. A distribución do investimento prevista no Plan Provincial 2016 é a seguinte:

- a) *Investimento total previsto na Rede Viaria Provincial: 2.000.000,00 €*

Achega da Deputación á RVP (100%): 2.000.000,00 €

- b) *Investimento total previsto en obras municipais: 5.132.250,00 €, dos cales 4.856.250 € destinados á execución material das obras e 276.000,00 € destinados a servizos complementarios á execución das obras.*

Subvención Deputación obras municipais (100,00 %): 5.132.250,00 €

5. A distribución territorial por concellos do investimento en obras municipais efectuarase mediante a asignación a cada concello da provincia dunha cota alícuota de investimento subvencionado, resultando un investimento por termo municipal de 55.500,00 €; da dita cantidade, 52.500,00 € destinaranse ó financiamento dos contratos de execución material das obras e 3.000,00 € ó financiamento dos contratos de servizos complementarios á execución das obras (con especial consideración das asistencias técnicas para a redacción de proxectos, a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde das actuacións).

O investimento con cargo a fondos provinciais asignado a cada concello poderá dedicarse a unha ou varias obras, a elección dos concellos, podendo supoñer o seu

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

financiamento íntegro ou parcial, sempre e cando as obras correspondan a competencias municipais.

Sen prexuízo do anterior, e tal e como se sinala no apartado 3, poderán incluírse investimentos de contía superior á achega provincial, correspondentes á mesma obra ou obras subvencionadas ou a outras obras, sempre e cando o concello achegue o financiamento complementario preciso.

6. No plan deberanse incluír, obrigatoriamente, obras adicionais, por importe de polo menos 52.500,00 €, para a utilización de remanentes producidos por anulación de obras. As ditas obras deben cumprir os requisitos necesarios para seren incluídas no Plan segundo o establecido nesta base.

7. Os remanentes das achegas provinciais obtidos por baixas na adxudicación das obras (tanto municipais como da rede viaria provincial), destinaranse na súa integridade ó financiamento de obras da rede viaria provincial; os remanentes das achegas municipais, de se-lo caso, reintegraranse ó concello respectivo.

3ª) Solicitudes dos concellos: prazos e documentación.

1. Solicitudes: requisitos xerais.

Co fin de garantir o dereito dos municipios á participación na elaboración do Plan, estes poderán formular solicitudes para a inclusión de obras. As ditas solicitudes serán aceptadas obrigatoriamente pola Deputación Provincial, sempre que se formulen en tempo e forma, e as obras reúnan os requisitos establecidos na base 2ª .

2. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán dirixírselle ó presidente da Deputación, e deberán ter entrada no rexistro xeral de documentos da Deputación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común ata o 26 de novembro de 2015 inclusive. Este prazo terá carácter improrrogable. A falta de formulación da solicitude en prazo dará lugar á perda do dereito á participación no Plan Provincial.

3. Documentación das solicitudes.

As solicitudes deberán incluír a seguinte documentación:

- *Certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente, solicitando a inclusión das obras no plan provincial e, de se-lo caso, a delegación da competencia*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

para a súa contratación. No suposto en que o órgano municipal competente non fose o alcalde, e por razóns de urxencia non fose posible a adopción do acordo polo dito órgano competente antes do 26 de novembro de 2015, admitirase a presentación dunha resolución da Alcaldía, condicionada á adopción, antes do 4 de decembro de 2015, do correspondente acordo de ratificación polo órgano municipal competente.

- *Modelo de solicitude, debidamente cuberto, con indicación de persoa de contacto e dirección de correo electrónico ós efectos de librar comunicacións.*

Na solicitude e no acordo deben figurar a denominación descritiva das obras e o seu orzamento total, tendo en conta as seguintes regras:

- a) *A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.*
- b) *Nas actuacións plurianuais, a continuación da descrición das actuacións, farase constar esta condición, así como a anualidade á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación.*
- c) *Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a continuación da descrición de actuacións farase constar a fase á que se refire o investimento para o que se solicita a inclusión no Plan de cooperación. Para estes efectos, debe terse en conta que cada fase debe ter a condición dunha obra completa, susceptible de uso público independente, sen prexuízo da súa integración nun proxecto complexo.*
- d) *Cando unha solicitude recolla obras de diversa natureza para satisfacer máis dun servizo, incluírase en primeiro lugar a denominación da obra de maior importe económico (por exemplo, nunha obra de abastecemento e pavimentación, se o abastecemento ten maior importe económico describirase como “abastecemento e pavimentación en..”).*
- e) *No orzamento total das obras entenderase incluído o IVE. Non se considerarán*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

incluídos, en cambio, os custos de redacción de proxectos nin os honorarios de dirección de obras e coordinación de seguridade e saúde, que serán obxecto de contratación independente.

4. Para a formulación das súas solicitudes, os concellos deberán ter en conta os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

5. Elaboración do proxecto de Plan Provincial. Corrección de deficiencias.

Unha vez rematado o prazo de formulación de solicitudes, o Negociado de Obras e Infraestruturas da Sección de Contratación procederá á elaboración do proxecto de Plan para o exercicio 2016, que será sometido ó ditame da comisión informativa de Plans Provinciais, Vías e Obras e Cooperación, e á aprobación inicial por parte do Pleno na sesión ordinaria de 29 de xaneiro de 2016.

No período de elaboración do documento, o Negociado de Obras e Infraestruturas comunicarlles telefonicamente aos concellos as posibles deficiencias observadas nas solicitudes, para a súa corrección urxente polos concellos dentro do dito prazo.

6. Consecuencias da presentación extemporánea de solicitudes ou da falta de corrección de deficiencias.

No caso de que os concellos non remitan a súa solicitude dentro do prazo establecido, ou non corrixan as deficiencias observadas, a Deputación non incluírá ningún investimento para ese concello no Plan Provincial. O remanente de financiamento resultante destinarase a obras adicionais na rede viaria provincial.

4ª) Tramitación do Plan Provincial:

Unha vez aprobado inicialmente polo Pleno, o Plan Provincial será sometido a información pública por dez días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia. De formularse alegacións, estas serán resoltas polo Pleno. De non formularse alegacións, o Plan considerase definitivamente aprobado.

Unha vez aprobado definitivamente o plan, a Presidencia da Deputación fará pública esta circunstancia mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia, iniciándose o prazo de execución.

As modificacións relativas ás obras municipais que teñan de tramitarse a instancias dos concellos respectivos logo da aprobación definitiva do plan (tales coma modificacións dos orzamentos das obras que afecten exclusivamente ás achegas municipais, cambios na

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

denominación das obras, incorporación e baixa de obras do plan,..), serán autorizadas por acordo da Xunta de Goberno provincial.

5ª) Execución do Plan Provincial:

A competencia para a execución das obras comprendidas no Plan Provincial, tanto no relativo ás actuacións na rede viaria provincial coma ás obras municipais, corresponderalle á Deputación Provincial mediante a contratación de ditas obras con empresa solvente a través dos procedementos e co réxime establecido para a contratación de obras públicas na vixente lexislación de contratos do sector público.

Non obstante o anterior, os concellos que realicen achegas complementarias por importe superior ó 50% do financiamento comprometido pola deputación provincial para execución material das obras (52.500,00 € por termo municipal), poderán solicitar a delegación para a contratación da obra ou obras correspondentes.

En ningún caso poderá acordarse a execución por administración das obras financiadas con cargo o plan provincial

A Deputación Provincial (e no seu caso os concellos) deberán adxudicar as obras antes do 30 de xullo de 2016 e as obras deberán quedar totalmente rematadas antes do 31 de decembro de 2016; non obstante o anterior e sempre que conorra causa xustificativa suficiente, poderá acordarse a prórroga do prazo de execución das actuacións incluídas no plan polo tempo indispensable para o seu remate, cun máximo dun ano a contar desde a data da súa adxudicación.

A contratación das asistencias técnicas que teñan por obxecto a redacción de proxectos e a dirección facultativa e a coordinación de seguridade e saúde nas obras municipais, realizarase pola central de contratación da deputación con cargo o crédito consignado con tal fin nestas bases. Non obstante o anterior, entenderase delegada a competencia para a contratación das ditas asistencias técnicas a favor de aqueles concellos que, en consideración ó investimento municipal comprometido, teñan solicitado a delegación da competencia para a contratación das obras.

6ª) Execución das obras pola deputación

1. A Deputación procederá á contratación das obras da rede viaria provincial (en todo caso) e das obras municipais que non teñan sido obxecto de delegación consonte coa base anterior.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

2. Para a contratación das obras municipais pola Deputación, os concellos deberán cumprimentar, antes do 29 de abril de 2016, os seguintes trámites:

➤ *Remisión á Deputación Provincial do acordo do órgano municipal competente contendo as seguintes determinacións:*

a) *Aprobación do proxecto técnico de obras*

b) *Declaración expresa de que a actuación proposta cumpre coa lexislación e a ordenación urbanística aplicable e dispón das autorizacións sectoriais esixibles. Non obstante, cando a autorización sectorial esixible sexa a da propia Deputación no exercicio das súas competencias en materia de defensa das estradas provinciais non será necesario que o acordo municipal contemple este extremo, tramitándose de oficio pola Deputación a correspondente autorización.*

c) *Posta á disposición da Deputación Provincial dos terreos necesarios para a execución das obras.*

➤ *Remisión da acta de replánteo (planeamento previo) das obras, debidamente asinada polo alcalde e polo redactor do proxecto.*

7ª) Execución das obras por delegación

Para a execución das obras municipais por delegación, os concellos deberán remitir á deputación, antes do 29 de abril de 2016, os documentos relacionados no apartado segundo da base anterior (a excepción da posta a disposición dos terreos a favor da deputación) xunto co proxecto técnico correspondente -os ditos efectos, a solicitude de delegación de competencia para a contratación das obras levará implícita, consonte coa base 5ª, a delegación da competencia para a contratación da redacción do pertinente proxecto técnico e as demais asistenciais técnicas complementarias á execución das obras- e o compromiso de efectuar as achegas precisas para o financiamento da actuación na contía necesaria para completar a achega provincial.

Logo de verificada a corrección e suficiencia da documentación achegada, previo o informe favorable da Oficina provincial de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras e comprometida a achega municipal na porcentaxe esixida ós ditos efectos, concederase por resolución da presidencia a delegación da competencia para a contratación das obras.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

A deputación librará o 75% da súa achega á remisión do certificado acreditativo da adxudicación das obras e de formalización do pertinente contrato. O 25% restante librarase coa achega do certificado de finalización das obras xunto coa acta de recepción e a foto do cartel de obra consonte co modelo aprobado ós ditos efectos por esta deputación.

8ª) Adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras. Expropiación forzosa.

No suposto en que sexa necesaria a expropiación forzosa de bens ou dereitos, o concello comunicarlle esta circunstancia á Deputación, que procederá á dita expropiación, sendo de conta do concello os custes derivados da expropiación. Para estes efectos, os concellos subscribirán un convenio de colaboración coa Deputación Provincial, no que se recollerán as obrigas do concello no procedemento expropiatorio.

9ª) Réxime especial para os concellos en situación de insuficiencia financeira manifesta.

Os concellos que, de conformidade cos criterios que seguidamente se determinan e tras a oportuna xustificación previa da dita circunstancia perante a Intervención Provincial, se atopen nunha situación manifesta de insuficiencia financeira, poderán optar entre adherirse ao réxime xeral contemplado nas bases anteriores ou solicitar da Deputación o ingreso nas arcas municipais en todo o parte do importe da achega provincial ás obras municipais (ata 52.500,00 €) con destino á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente do concello correspondente á prestación de servizos mínimos obrigatorios, con exclusión dos gastos de retribucións, axudas de custo e asistencias de cargos representativos ou de designación política e dos gastos de servizos que se atopen total ou parcialmente financiados con achegas da Deputación Provincial diferentes ás previstas na presente base. A xustificación da utilización dos fondos percibidos ao abeiro do disposto nesta cláusula, achegarase antes do 1 de decembro de 2016 mediante conta xustificativa asinada polo alcalde e o interventor de fondos do concello, con suxeición ao disposto na lexislación vixente en materia de subvencións.

Para os efectos do establecido nesta base, consideraranse incursos en situación de insuficiencia financeira manifesta os concellos que na liquidación do exercicio de 2014 presenten resultado orzamentario negativo e remanente de tesourería negativo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Así mesmo, os concellos cuxo nivel de endebedamento fose superior ao 110% no ano 2014 poderán dispoñer desta cantidade para pagamento de débeda.

10ª) Réxime especial para a entidade local menor de Berán.

A entidade local menor de Berán, nos mesmos termos fixados nas bases anteriores para os concellos, poderá beneficiarse dunha achega provincial por importe de 26.250,00 € con destino a investimentos en servizos da súa competencia ou, de se-lo caso, á amortización de operacións de crédito concertadas en exercicios anteriores ou ao financiamento de gasto corrente da entidade previa a xustificación de atoparse incurso en situación de insuficiencia financeira manifesta.

II.- Ordenar a publicación das bases no BOP de Ourense, para coñecemento das concellos e entidades locais interesados.

18ª.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á ASOCIACIÓN EUROPEA PARTENALIA.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto décimo oitavo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo oitavo](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do deputado do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense, como membro de pleno dereito, á Asociación Partenalia.

2º.- Manifestar a conformidade desta entidade cos compromisos e obrigacións recollidos nos estatutos de Partenalia, os cales se aproban de xeito expreso.

3º.- Designar como representantes desta Deputación nos órganos de Partenalia ás seguintes persoas:

- No Consello Político: J. Manuel Baltar Blanco, Presidente da Deputación e como suplente a Rosendo L. Fernández Fernández, Vicepresidente 1º.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

- Na Comisión de Seguimento: José Juan Cerdeira Lois, director da Área de Benestar da Deputación Provincial.

19º.- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA DE EQUITACIÓN DE VILAMARÍN ASINADO ENTRE A DEPUTACIÓN DE OURENSE E A MERCANTIL EQUUS-OURENSE, SL.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto décimo noveno da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto décimo noveno](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o dito ditame e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e a abstención dos deputados/as do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Incoar expediente de resolución do contrato administrativo especial para a prestación do servizo da Escola de Equitación de Vilamarín por incumprimento culpable do contratista Equus-Ourense SL, consistente na falta de pago do canon ofertado e de incumprimento da oferta que serviu de base para a adxudicación, todo isto nos termos que constan no expediente de execución do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 225.3 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, a resolución por incumprimento culpable do contratista implicará que este deberá indemnizar á administración provincial polos danos e perdas ocasionadas, estimándose inicialmente estas no importe do canon adebedado. A indemnización farase efectiva sobre a garantía do contrato constituída no seu día, sen prexuízo da subsistencia da responsabilidade do contratista polo importe que exceda da garantía incautada, de ser o caso.

Para estes efectos, a resolución que poña fin ao procedemento conterá un pronunciamento expreso sobre a indemnización derivada da resolución do contrato, en caso

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

de acordarse esta última, así como sobre a procedencia da perda, devolución ou cancelación da garantía.

2.- Conceder audiencia, na súa condición de interesada no expediente, a Equus-Ourense, SL co fin de que durante o prazo improrrogable de dez (10) días naturais, contados desde o seguinte ao da recepción da notificación deste acordo de incoación, poida formular as alegacións e achegar cantos documentos e xustificantes conveñan ao seu dereito, de conformidade co disposto no *artigo 109.1.a) do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas*.

3.- Incorporar ao expediente copia da constitución da garantía definitiva constituída polo contratista, e dar audiencia ao avalista ou asegurador polo mesmo prazo, se procede.

20º.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES DE EUROPA.-

O Sr. presidente anuncia que se rexistraron dúas emendas a esta moción. A primeira do Grupo Popular (de substitución) , con número de rexistro 27.414, e a segunda do Grupo Socialista (de adición) con número de rexistro 27.423.

A continuación o Sr. presidente cédelle a palabra a don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, para que expoña o contido da seguinte moción:

“Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe impelir unha actuación urxente da Unión Europea e da comunidade internacional, para derrubar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.

Con efecto, a dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e migrantes ten a súa orixe na rapina imperialista comandada polos Estados Unidos (EUA). Os EUA e os seus aliados europeos non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratéxicos e espoliar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo.

Primeiro foi o Afganistán, o Iraq, despois Libia. Agora é a Siria o albo do imperialismo. Os EUA, co inestimábel apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo na Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora sinalan como principal inimigo e utilizan como máis un pretexto para a súa política intervencionista na zona. Cando non, como no caso da Turquía, como punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Curdistán.

As vítimas desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes Países. É o pobo de Iraq, de Afganistan, de Libia, de Siria, do Curdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga imensa de persoas refuxiadas -

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

fundamentalmente sirias- que escapan da guerra e de migrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapina neocolonial no Oriente Próximo e en África, coa inestimábel colaboración das elites locais.

Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación desa Unión Europea ao servizo da oligarquía non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para alén dos lamentos de rigor, cos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de arame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas e migrantes. No entanto, non será esta tipo de medidas as que freen o problema.

Un dos exemplos máis evidentes do desinterese inicial da UE por resolver esta dramática situación está o facto de, após de máis dunha semana de crise humanitaria, deciden o 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para o día 14 de setembro. Entre tanto, millares de persoas refuxiadas continúan a se agolpar en condicións penosas nas fronteiras ou achan a morte no Mediterráneo. Máis unha vez o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira.

No entanto, este drama que parece deixar indiferentes os gobernos europeos, atinxe directamente a conciencia dos pobos. A xente, institucións de todo tipo e o nacionalismo galego, desde a súa consubstancial praxe internacionalista, sente como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos ficar indiferentes nin pasivos. O Bloque Nacionalista Galego (BNG) exige da Unión Europea mudar de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e migrantes.

Consecuentemente, diante da traxedia que estan a vivir as persoas refuxiadas e migrantes, solicitamos do pleno da corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e migrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.

2.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.

3.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.

4.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

5.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou migrantes asentadas na nosa Provincia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

6.- *Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza*“.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto vixésimo da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto vixésimo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución presentada polo Grupo Popular, queda aprobada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra do deputado do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

En segundo lugar somete a votación a emenda de substitución presentada polo Grupo Socialista, que queda rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista (8), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e do BNG (1), e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

En terceiro lugar somete a votación a moción presentada polo BNG, que queda rexeitada ao obter o voto favorable do deputado do BNG (1) e do Grupo Socialista (8), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

Como consecuencia da votación anterior, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Colaborar dun xeito coordinado para ofrecer unha resposta unificada, conxunta e solidaria a esta crise humanitaria, e en especial á Xunta de Galicia, e á FEGAMP, para que en colaboración coas ONG´s con presenza en Galicia elaboren e executen un plan de acollida para as persoas refuxiadas poñendo á súa disposición os recursos asistenciais dispoñibles para facer posible a súa acollida e integración.
2. Seguir impulsando unha verdadeira política europea, común e integral, de inmigración e asilo, que debe contar con recursos financeiros suficientes.
3. Reforzar a capacidade de resposta da Unión Europea ante situacións de emerxencia, como a que estamos a vivir.
4. Impulsar a dotación de fondos europeos para reforzar e concentrar os esforzos de cooperación nos países de orixe e, en particular, dun Fondo Fiduciario Europeo para a axuda financeira aos países de África, inspirado nunha proposta realizada polo Goberno de España.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

5. Dar prioridade ao diálogo e a cooperación cos países de orixe e tránsito, así como cos países limítrofes das zonas de conflito na acollida de refuxiados.
6. Colaborar cos países de tránsito para a protección das súas fronteiras e loitar contra as mafias que se lucran con esta traxedia humana.
7. Traballar xuntos en cantas iniciativas nos permitan lograr a paz e a estabilidade nos lugares de orixe dos refuxiados.

21º.- PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DO MES DE OUTUBRO.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia de data 22 de setembro.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados/as do Grupo Popular (14), do Grupo Socialista (8) e do BNG (1) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2) o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Fixar a data de celebración do Pleno ordinario do mes de outubro, do seguinte xeito:
. Pleno ordinario: día 29 de outubro, xoves, ás 10.00 horas.

22º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MESES DE ABRIL, MAIO, XUÑO, XULLO E AGOSTO DE 2015 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 3º DE XANEIRO, 2º DE FEBREIRO E 1º DE MARZO DE 2015.

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia nos meses de abril, maio, xuño, xullo e agosto de 2015 e dos seguintes adicionais: 3º de xaneiro, 2º de febreiro e 1º de marzo de 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

23º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE ABRIL, MAIO, XUÑO E ATA O DÍA 20 DE XULLO DE 2015 E DOS SEGUINTE ADICIONAIS: 2º DE FEBREIRO E 1º ADICIONAL DE MARZO DE 2015.

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia nos meses de abril, maio, xuño e ata o 20 de xullo de 2015 e dos seguintes adicionais: 2º de febreiro e 1º de marzo de 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

24º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DO DEPUTADO DELEGADO DE FACENDA DO 20 AO 31 DE XULLO, E AGOSTO DE 2015.

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados polo deputado delegado de Facenda do 20 ao 31 de xullo e agosto de 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións do deputado delegado de Facenda.

25º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DO DEPUTADO DELEGADO DE ADMINISTRACIÓN PROVINCIAL DO MES DE AGOSTO DE 2015.-

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da relación de decretos asinados polo deputado delegado de Administración Provincial do mes de agosto de 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións do deputado delegado de Administración Provincial.

26º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DO DEPUTADO DELEGADO DE COOPERACIÓN E SEGUIMENTO DO PLAN DO MANDATO 2015-2019 DO MES DE AGOSTO DE 2015

En cumprimento do establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

relación de decretos asinados polo deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Plan de Mandato 2015-2019 do mes de agosto de 2015.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións do deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Plan de Mandato 2015-2019.

27º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-

Trala declaración previa da súa urxencia con 23 votos a favor e 2 abstencións, tratouse a seguinte moción:

27ªA.- MOCIÓN DO BNG DE APOIO AO SECTOR LEITEIRO.-

O Sr. presidente cédelle a palabra a don Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, para que expoña o contido da seguinte moción:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ante a grave crise que está a padecer o sector lácteo galego parece que o Goberno Galego pretende seguir coa práctica habitual de eludir as súas competencias e responsabilidades.

O enorme esforzo de mobilizacións que durante máis de dous meses desenvolveu o sector produtor ten motivado reaccións tanto da industria como da distribución, que seguen a ser timoratas e insuficientes, mais que permitiron a retirada dos contratos lixo que se lles estaba obrigando a asinar ás granxas e o anuncio por parte de diversas distribuidoras de incrementar entre 3 e 5 céntimos o prezo no lineal coa intención de que ese incremento redunde nos e nas produtoras. Porén, por parte do Goberno Galego o único que obtiveron foron evasivas e no mellor dos casos boas palabras e palmadas no lombo.

Dentro desa estratexia de eludir as propias responsabilidades e competencias o Sr. Núñez Feijóo buscou amparo á súa inacción na UE, nas normas da competencia, no que el definiu como “incapacidade do sector produtor por agruparse para ser máis fortes” e agora vemos como pretenden derivar toda a responsabilidade cara os e as consumidoras. A única medida propia que vai adoptar o Goberno Galego é a de facer unha nova campaña de promoción do leite co etiquetado “Galega 100%” como gran medida para facer fronte a tan grave crise.

En primeiro lugar, non estamos ante un problema que se vaia resolver co consumo interno de leite, e sobre todo esa etiquetaxe non garante, en absoluto unha remuneración xusta e que garanta a cobertura dos custes de produción para os e as gandeiros.

Para alén diso, e tendo en conta que un dos grandes problemas do sector lácteo en Galiza é que a transformación está maioritariamente en mans de industrias foráneas, incluso o que conta coa etiquetaxe “Galega 100%”, a actuación do Goberno Galego debera ir máis ben orientado a potenciar e promover os proxectos propios de transformación de leite en Galiza e nesa medida promover e poñer en valor o leite fresco como un produto de cercanía e de calidade e os produtos lácteos elaborados en Galiza.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Dito isto, desde o BNG seguimos mantendo que a verdadeira solución da crise que afoga ás explotacións lácteas galegas non poderá ter unha solución a curto prazo, e que sexa duradeira, se non vén da man dunha verdadeira modificación das relacións contractuais, da elaboración da distribución de beneficios da cadea de valor do leite, do establecemento de indicadores que permitan a fixación dun prezo que remunere os gastos de produción e da existencia dos elementos de control e sanción en caso de incumprimentos.

É dicir ás explotacións lácteas galegas non lle vale ningún acordo que non teña unha tradución inmediata das medidas nos contratos e nas facturas dos e das produtoras, e que estes garantan estabilidade a futuro. .

Por outro lado, e dado que malia que o Goberno Galego prefira ignoralo, Galiza ten competencias exclusivas en materia de agricultura, gandería e tamén en comercio interior, e tendo en conta que o sector lácteo galego representa máis do 40% da produción e do 50% das granxas do Estado Español, non podemos consentir que todo se decida en Madrid e que se prive aos e ás gandeiras galegas da posibilidade de facer un seguimento dos acordos e de realizar novas propostas para a solución do problema.

Polo o exposto, o grupo do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO

Instar ao Goberno Galego a:

1.- Esixir do Goberno do Estado a que en cumprimento das demandas dos e das produtoras e en virtude dos compromisos manifestados publicamente con estes inclúa nas medidas para facer fronte á crise do sector lácteo cando menos os seguintes elementos:

Aplicar nos seus contratos prezos de compra que permitan remunerar o custe de produción das gandeiras e gandeiros.

Determinación de que na construción da cadea de valor do leite se garanta unha retribución dos gastos de produción a través da determinación dos índices da INLAC (Organización Interprofesional Láctea) que deberán rexer o establecemento dos prezos nos contratos homologados

Garantía de recollida da produción

O establecemento dun modelo de contrato homologado no que se recollan esas premisas

A aprobación inmediata de instrumentos legais de garantías de cumprimento para os gandeiros, e de sancións inmediatas para os casos de incumprimento

Entrada en vigor destas medidas inmediatas, tal e como se comprometeu, con efectos de 1 de outubro de 2015.

Que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente se comprometa a velar polo cumprimento destes acordos

2.- A constitución dunha Comisión de seguimento en Galiza coa participación do Goberno Galego e de todas as organizacións de produtores, plataforma en defensa do sector lácteo, e demais elos da cadea para realizar un seguimento puntual do cumprimento dos acordos de Madrid e para realizar as propostas que se consideren necesarias para resolver a grave problemática do sector.

3.- A apostar por proxectos galegos, de base cooperativa ou de produtores/as, de transformación de leite e derivados lácteos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

4.- *Que dentro da campaña de promoción de consumo de leite producido en Galiza se poña especial énfase na posta en valor do consumo de leite fresco e de produtos lácteos elaborados en Galiza como garantes de procedencia, de calidade e de produtos de cercanía”.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto vixésimo sétimo A da vídeo acta da sesión, dispoñible no enlace que se inserta a continuación. No marco do dito debate formulouse unha emenda *in voce* formulada polo Grupo Socialista, cuxo contido obra na vídeo acta.

Enlace: [ver punto vixésimo sétimo](#)

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación en primeiro lugar a emenda *in voce* presentada polo Grupo Socialista durante o debate, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

A continuación somete a votación a moción orixinal do BNG, que resulta rexeitada ao obter o voto favorable dos deputados/as do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o voto en contra dos deputados/as do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados de Democracia Ourensana (2).

28º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, manifesta, en primeiro lugar, que na convención de alcaldes o Sr. presidente anunciou que a Deputación acometería obras de accesibilidade a locais electorais dos concellos da provincia. Polo que saben, o INE está requiríndolles aos alcaldes/alcaldesas para que acometan as obras á maior brevidade posible, habida conta da proximidade dun novo proceso electoral. Pregunta se lles poden dicir se hai partida para iso; como se xestionaría e se as obras serían cofinanciadas polos concellos ou serían exclusivamente con fondos desta Deputación.

En segundo lugar, manifesta que o outro día o Sr. presidente se reuniu coa flor e nata do empresariado ourensán na Estación de Manzaneda. De entre os participantes na reunión figuraba unha persoa de nome Juan Verde que, ao parecer, estaba como asesor da Presidencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

Pregunta se lles podería concretar se a presenza desta persoa supuxo algún custo económico para a institución. En caso afirmativo, pregunta se se trata dunha cuestión puntual ou esa persoa figura en nómina nesta Deputación para posteriores asesoramentos.

En terceiro lugar, di que se informaron hai pouco pola prensa que o COB baloncesto presentou un balance que arroxa un déficit de 700 mil euros. Isto contradí as versións oficiais da propia directiva e mesmo do Sr. presidente cando tiveron que presentar a auditoría diante da ACB dicindo que o único problema ao que se agarraba a ACB para excluír ao COB era un problema de prazos. Neste tempo o Sr. presidente tomou dúas decisións, que resultan dunha enorme irresponsabilidade para quen ten que velar polo escrupuloso uso dos fondos públicos: facer de avalista dunha entidade privada que arroxa un balance tan negativo, e ampliar o tempo de uso das instalacións do Paco Paz, xa debatido no pleno anterior. Por isto, solicitan que, tendo en conta que esta Institución é accionista da S.A.D., e que os ourensáns e ourensás, e os seus lexítimos representantes merecen coñecer a verdade da situación do Club, se convoque unha comisión informativa extraordinaria para abordar esta cuestión.

En cuarto lugar refírese ao parque biosaudábel en Boborás, cunha subvención de 4.836 euros da Deputación, e di que o concello fixo un parque en zona inundábel e sen autorización de patrimonio. Á vista dos informes, tanto da Confederación como da propia Xunta, pregunta qué ten pensado facer a Deputación ao respecto toda vez que a subvención procede desta institución e qué mecanismos de control ten a Deputación nestes casos.

O **Sr. presidente** responde, en canto a esta última pregunta, que solicitará a información oportuna e que lle será remitida por escrito.

En canto á primeira pregunta, di que tivo a oportunidade de poder anunciar no cumio de alcalde/as esas medidas de cara ao ano 2016. Cónstalle que algún alcalde desta provincia xa se dirixiu á Deputación con vistas ás próximas eleccións, que probablemente serán en 2015 e estase estudado unha solución para ver se nesa orde de axudas para 2016 para a mellora do plan accesibilidade de colexios electorais todos os concellos que a precisen para 2015 se poidan beneficiar agora das obras que podían realizar en 2016. A primeiros de ano sacaranse esas axudas e se terán en conta as que se fagan para a previsible convocatoria de eleccións de 2015.

Con respecto á pregunta sobre Juan Verde, di que esa persoa non ten ningún vínculo coa Deputación e que o custo da súa participación foi cero. Participou nesa xuntanza para falar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

dalgunhas cuestións e expoñerlles a súa visión da provincia aos/ás empresarios/as que tiveron a ben aceptar o convite desta administración.

En canto á pregunta sobre o COB, di que esta administración é accionista desa sociedade anónima deportiva. Esta sociedade fai as asembleas corresponde onde se dá conta dos seus ingresos e gastos. Todo iso formou parte da documentación que se lle mandou no seu momento á ACB para a auditoría correspondente. Se houbo informacións xornalistas noutro sentido non ten ningún inconveniente en que por parte da comisión competente desa Deputación se convoque unha reunión, e dada a condición de accionistas por parte do COB se dea conta das cuestións que teñan a ben formular.

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, pregunta sobre o cambio da data do Pleno de outubro, punto que foi incorporado á orde do día a última hora.

O **Sr. presidente** responde que o cambio da data se debeu a que por parte da FEGAMP se convocou unha asemblea para o día 30 de outubro (data na que correspondería a celebración do Pleno) e que moitos dos membros da Corporación están convocados a esa reunión. Non se incorporou antes na orde do día porque a convocatoria da FEGAMP se recibiu despois de estar elaborado o borrador.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o portavoz do PP de Ribadavia fixo unha proposta sobre unhas obras que lle corresponde executar ás brigadas da Deputación por delegación. Roga que canto antes se manden esas brigadas para acometer as obras, xa que o Grupo Popular de Ribadavia desconfía de que sexa culpa do goberno municipal.

Solicita a axuda institucional da Deputación para solucionar un problema respecto do campo de herba artificial de Ribadavia, do que non son culpables nin a Deputación nin o Concello, en todo caso serán os ministerios competentes na materia.

O **Sr. presidente** di que toma nota dos rogos e actuará en consecuencia.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que este pleno está sendo retransmitido en directo e que se está gravando, polo que non ve a necesidade de que ningún deputado (concretamente o alcalde de Baltar) estea gravando a ningún membro da Corporación, polo que pide que se absteña de gravar persoalmente os plenos.

O **Sr. presidente** responde que toma nota do rogo, pero que cada un ten liberdade para utilizar os seus aparellos. Este é un acto público. [ver punto vixésimo oitavo](#)

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 25 de setembro de 2015
--

As intervencións íntegras deste punto recóllense no punto vixésimo oitavo da vídeo acta da sesión, e están dispoñibles no seguinte enlace:

E, ás 15.05 horas do día vinte e cinco de setembro do ano dous mil quince, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión extraordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,